Cuadrante



O Valleinclanismo na cultura galega (II)

Valle-Inclán en galego

Valle-Inclán e a «Sociedad de los Amigos de Galicia»

El mar arosano en Valle-Inclán

O cinema e o Retablo de Valle-Inclán

Más allá de la adaptación. Presencia de Valle-Inclán en el cine español

Del cine y sus alrededores en Valle-Inclán

Valle-Inclán: la disparidad de lo trágico

Nº 9



Vilanova de Arousa


CUADRANTE

CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

O Valleinclanismo na cultura galega (II)

Valle-Inclán en galego

Valle-Inclán e a «Sociedad de los Amigos de Galicia»

El mar arosano en Valle-Inclán

O cinema e o Retablo *de Valle-Inclán*

Más allá de la adaptación. Presencia de Valle-Inclán en el cine español

Del cine y sus alrededores en Valle-Inclán

Valle-Inclán: la disparidad de lo trágico

Amigos
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa

Cuadrante
Praza Vella, 9
Vilanova de Arousa
Apartado de Correos nº 66
Xullo de 2004

Director:
Gonzalo Allegue

Subdirector:
Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de Redacción
Víctor Viana

Consello de Redacción:
Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Marcela Santórun *(ilustración capa)*
Eugenio de la Iglesia *(Encabezamento de capítulos)*

Deseño e maquetación:
Nieves Loperena

Imprime:
Gráficas Salnés, S.L.


Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

SUMARIO:



Cuadrante é membro de ARCE,
(Asociación de Revistas Culturais de España).



O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (II)

Xosé L. Axeitos
(Da Real Academia Galega)

Con esta segunda entrega seguiremos a facer un percorrido polo tratamento que a prensa editada en Galicia, fundamentalmente, adicou ó escritor de Vilanova. Non pretendemos máis que chamar a atención sobre as liñas esenciais que debuxa a recepción da figura e da obra do mestre de Arousa. Somos conscientes de que deixamos fóra moitos actos receptivos, algúns de gran trascendencia, como congresos e diversas publicacións académicas que, non obstante, tampouco modificarían esencialmente o noso esquema, configurado sobre dúas extremas visións: aceptación ou rexeitamento, apenas matizadas por certas posicións afíns.

Incluso certas opinións, aparentemente alonxadas destes extremos, como as do seu fillo Carlos cando denuncia o derrubo do busto de don Ramón no monte da Curotiña, rematan cunha nada discreta acusación emparentando ós anónimos autores da desfeita coas palabras aguilloadas do manifesto de Manuel Antonio.

Un dos extremos, como xa temos visto no artigo anterior, está representado pola opinión que mantén don Ricardo Carballo Calero que, con ocasión da polémica sobre a posible tradución da obra teatral de Valle ó galego, di o seguinte:

> «Lembremos o entusiasmo con que se ten acentuado o perfil galego de Valle-Inclán. Mesmo o seu anticalderonismo tería raízes nacionais galegas. Outros opinamos que *Los cuernos de Don Friolera* non reflexan a concepción do honor castellano própria dos galegos, senón mais ben a concepción do honor cavaleiresco própria do ajuda de cámara de Don Pedro Calderón. As fontes do esperpento están na picaresca española e no sainete madrileño. Mas os pangaleguistas ven-no todo baixo o aspecto de galeguidade.»[1]

No outro extremo opinións moi recentes como a de José A. Ponte Far, coñocedor das teses ó respecto do profesor Carballo Calero, saúda con entusiasmo unha *Historia de la Literatura Galega* que adica un tomo ós escritores galegos que somente escribiron en castelán. E remata así a súa proposta:

> «Resumiendo: la lengua determina a qué literatura pertenece una obra. Pero el talante, la visión del mundo que se tiene por haber nacido en una tierra tan condicionadora como la gallega, los materiales literarios que crecen y configuran todo un mundo novelístico que recrea el natural, se convierten en razones y argumentos sólidos y suficientes para considerar gallegos, en toda su amplitud y en el más generoso sentido del reconocimiento, a todos estos escritores que escribieron o escriben en castellano.»[2]

———

[1] R. Carballo Calero, «O verdadeiro Valle-Inclán» (*La Voz de Galicia*, 27-IV-1984)

[2] José A. Ponte Far, «Escritores gallegos» (*La Voz de Galicia*, 6-XII-03). Defende, con parecidos argumentos, a mesma tese en «Valle y Galicia» (*La Voz de Galicia*, 13-XII-03)

Tamén Valentín Paz Andrade, nesta última liña, manifesta argumentos parellos no seu libro *La anunciación de Valle Inclán* (Losada, Buenos Aires, 1967) e que resume nunha entrevista de Francisco Pablos:

> «Tengo la admiración de todos los escritores y, en general, todos los lectores de Valle-Inclán, tenemos por una figura tan excepcional. Pero además, venía minándome la idea de que el aspecto gallego de Valle-Inclán, es decir, sus raíces gallegas, y sobre todo, el lanzamiento de Valle-Inclán como gran escritor, ayudado por escritores gallegos, no se había difundido bastante, ni los libros biográficos y críticos sobre él resaltaban suficientemente este aliento primerizo de Galicia, a favor de figura tan importante»[3]

Con ocasión da celebración no Museo de Pontevedra dun congreso sobre Valle —coas intervencións de Varela Jácome, Lluis Pascual, Nieva, Zamora Vicente, etc— en setembro de 1983, José Ruibal publicará un artigo no que estudia polo miúdo os aspectos galegos en algunha das súas obras[4] sumándose deste xeito ós que consideran, dalgún xeito, como galega a obra de don Ramón.

Bordean esta actitude pangaleguista e cristobalista, tal como a denomina o profesor Carballo Calero[5], os artigos de Armando Fernández Mazas e de Antonio Odriozola publicados no xornal *Faro de Vigo*. O primeiro, con ocasión do Día das Letras Galegas de 1984, publica o poema de Valle-Inclán *Cantiga de vellas* como achado extraordinario. Poucos días despois e no mesmo xornal (*Faro de Vigo* 25-V-1984) contéstalle Antonio Odriozola sinalándolle as 16 veces que foi reproducido o poema entre 1910 e 1983 nun alarde de erudición hemerográfica. Este mesmo artigo de Odriozola aproveita para saudar a exhumación, novidosa, que acababa de facer o profesor Alonso Montero publicando o artigo (*Faro de Vigo* 4-V-1984) que don Ramón publicara sobre o banquete de Conxo en 1893 no xornal republicano *La Unión Republicana*.

A presencia constante de Valle Inclán nos xornais e nas publicacións periódicas de Galicia aumenta a partir dos anos sesenta. Hai razóns dabondo que explican este protagonismo do escritor de Vilanova. En primeiro lugar, a celebración do centenario do seu nacemento, en 1966, que posibilita unha serie de actos conmemorativos non exentos de certo espíritu reivindicativo, vinculado ó seu carácter inconformista, rebelde e, tamén, ó seu talante filocomunista dos últimos anos da súa vida[6], tal como nos fixeron presente, entre outros, J. Parrado que nunha carta necrolóxica dirixida a *Nueva Cultura* desde Santiago, en xaneiro de 1936, remata así:

> «Por orden expresa del difunto no se admitieron coronas ni otras ostentaciones, a pesar, no obstante los partidos obreros, republicanos, de izquierda y galleguistas mandaron colectivamente un ramo; también el P. C. mandó otro ramo y a última hora se recibió de Madrid una gran corona del Ateneo del que era socio y Presidente de Honor. Si no hubiese tan mal tiempo, hubiese habido una gran manifestación popular hacia el hombre que en España encarnaba la lucha intelectual contra el fascismo y la guerra, al hombre que era Presidente de honor de los Comités de Ayuda, etc.
>
> ¡Lástima de fortaleza que perdemos!»

Ben é certo que non sempre a presencia de don Ramón nos medios de comunicación de

[3] *La Voz de Galicia* (11-I-1968

[4] José Ruibal, «Lo gallego en las comedias bárbaras» (*Faro de Vigo*, 23-IX-1983).

[5] Así define, un tanto ironicamente, o profesor de Ferrol o cristobalismo... «certa tendéncia que se observa en moitos galegos a carregar sobre os ombros de Galiza todos os deuses ou semideuses que se manifestaron no mundo circundante e que non son demasiado notoriamente alleos á nosa terra» (*La Voz de Galicia* 27-IV-1984)

[6] Sobre os dez últimos meses da vida de Valle e as súas actividades, podemos ler o breve artigo de Diego Bernal (*Faro de Vigo*, 6-I-1992), «Ayer se cumplió el 56 aniversario de la muerte de Valle Inclán».

Galicia, que non galegos, está motivada pola loita da construcción dunha conciencia nacional. Moitas veces a anécdota protagoniza a noticia como a serie de artigos sobre o lugar de nacemento de Valle que se inicia poucos días despois do seu pasamento cun artigo de Pesqueira publicado en *El Correo Gallego* (Ferrol, 12-I-1936) e remata co incontestable argumentario de Gonzalo Allegue[7] en 2001.

Un resumo desta cuestión das orixes e nacencia de Valle pode lerse no documentado artigo de Antonio de Odriozola[8] do ano 1981, que recolle máis de vinte colaboracións desde 1936.

Non estiveron alleos a esta cuestión desde o citado Pesqueira, Isidoro Millán (1936), del Riego (1959), Filgueira Valverde (1955), Torrente Ballester (1966), Paz Andrade (1967), Fernández Tomás (1967), Caamaño Bournacel (1971), sen esquecer a Fernández Almagro (1943), entre outros moitos.

Ó longo do ano 1966 e 1967 desenvolveranse unha serie de actos, estudios, homenaxes e representacións, co motivo do centenario do seu nacemento. Son datas importantes porque marcan o comezo do recoñecemento de Valle-Inclán máis alá das fronteiras hispánicas. Non nos imos deter no inxente material hemerográfico que proporcionou esta efeméride, pero sí queremos chamar a atención sobre un artigo pouco citado pero de gran valor anticipatorio con respecto á crítica actual. Estamos a referirnos ó artigo de Salvador Poyo publicado en *Faro de Vigo* (18-II-1967) co título de «Presencia americana de Valle Inclán». O autor deste artigo destaca xa o papel e influencia que o escritor de Vilanova exerceu sobre toda a novela hispanoamericana, moi especialmente no *Señor Presidente* de Miguel Angel Asturias:

> «Ya lo había adivinado Vargas Vila, quien previó muy pronto que el gallego impar subyugaría a la mocedad literaria de este Continente. Guillermo de Torre, quien, en la trasmigración, abandonó sabiamente su más débil vena poética por la llena artesia [sic] crítica y profesoral ha demostrado que la repujada prosa e incluso la poesía del segundo manco de la Literatura española, gravitó sobre los excelentes y plurales novelistas de Hispano América. Puede advertirse en los más destacados en la rebeldía literaria y social.
>
> Jorge Icaza, ecuatoriano, en *Nuestro pan;* José Mancisidor, mexicano, en *El autócrata;* Hernán Robledo, nicaragüense, en *Sangre en el Trópico*; Augusto Céspedes, boliviano, en *El metal del diablo* pero de manera tan ceñida que resulta un calco, el *Señor Presidente* del guatemalteco Miguel Angel Asturias. Jamás su "esperpento" se hubiera escrito –ni por el asunto, ni por la manera, no obstante hallarse minado de valores vernáculos, sin el *Tirano Banderas,* resplandeciente espejo cóncavo de las dictaduras hispanoamericanas que el genio sarcástico de Valle-Inclán —superior a veces al modelo quevedesco— compuso, con más crudo realismo que si fuera un biógrafo nacido en aquesta orilla.»

Polo demais, un bo número de artigos conmemorativos destes anos sesenta e seis e sesenta e sete, abondan en tópicos, centrándose exclusivamente no seu teatro e lamentando o esquecemento do escritor.

A partir de 1967 desátase unha polémica estatuística motivada polo derrubo do busto monumental que, obra do artista Prieto Coussent, estaba no monte da Curotiña na Pobra do Caramiñal, despois dunha singradura de desazóns e desamor.

A noticia do derrubo sae nos xornais o día 17 de decembro de 1967 e de seguido, o día 20 do mesmo mes o xornal *Faro de Vigo* publica unha carta de Carlos del Valle-Inclán dirixida ó seu director, nese momento Álvaro Cunqueiro, rectificando a noticia anterior do mesmo xornal porque sinalaba a Filgueira Valverde como autor da doazón do busto ó

[7] «Sobre los orígenes de Valle-Inclán. Respuesta a un mixtificador» en *Apuntes do Cantillo*, Vilanova de Arousa, 2001.

[8] Antonio de Odriozola, «Sobre dónde y cuándo nació Valle Inclán» en *La Voz de Galicia* (18 de agosto de 1981).

concello da Pobra do Caramiñal. Tal honra pertence, según o fillo de don Ramón, ó alcalde de Pontevedra no ano 1954, don Juan Argenti Navajas, sendo recibido á súa vez polo alcalde da vila arousá, don Atilano Lamas. A devandita carta, breve, remata cunha ferinte postdata acusatoria e chea de ironía:

> «Tal vez sería interesante para tus lectores, aclarar si el derribo de la estatua ha sido causado por el viento, cosa difícil si "pesa más de tres mil kilos", o se debe al mancomunado esfuerzo de quienes piensan hoy, aunque no lo digan con tanta claridad, lo mismo que el poeta Manuel Antonio, quien, en 1922, proclamó a Valle-Inclán, por escribir en castellano: "GRAN PONTÍFICE DA VALDEIREZA Y [sic] MAESTRO DA XUVENTUDE IMBECIL DE GALICIA"»

Méndez Ferrín tense referido a este suceso e ós seus ecos nos xornais en distintas ocasións; a última, un artigo no *Faro de Vigo* (luns,13-X-03) co título de «Valleinclanismo activo»:

> «Ao pouco tempo e en escuras circunstancias, a estatua evaporouse unha noite para reaparecer, desmontada, na Pobra do Caramiñal e, algún tempo máis tarde, ser volta a erixir nun dos montes da Barbanza. Mais como había aínda quen odiaba a Valle en 1966, un día calquera a cabeza do Mestre apareceu derrubada e o pedestal foi dado por desaparecido. Houbera grande escándalo. En *Primer Acto* e en *Triunfo* díronlle ao asunto estado de alarma nos circuitos da esquerda española. En Galicia, Carlos Valle Inclán denunciou, nunha carta no FARO de contido delirante, ó nacionalismo galego como autor do atentado. Álvaro Cunqueiro, asustado, vetou a polémica nas páxinas do noso xornal. ¡Puro esperpento!»

Pero a viaxe de Pontevedra a Pobra, en barco, ata chegar ó monte da Curotiña estivo marcada tamén por numerosos atrancos que nos relata así a revista *Triunfo* que deu gran importancia ó suceso enviando a un corresponsal á Pobra. Deste xeito relata polo miúdo todas as circunstancias sen renunciar a dar os nomes concretos dos responsables da desaparición inicial do pedestal desaparecido xa antes da ubicación do busto na Curotiña:

> «Esta es la historia de un pedestal cuyo noble destino (sostener el busto de don Ramón María del Valle-Inclán) fue torcido por voluntad de un señor. [...]
>
> El expediente del ayuntamiento de Puebla del Caramiñal se titula así: "Para averiguar el paradero de las piedras del pedestal de la estatua de don Ramón del Valle-Inclán, donada en el año 1954 por el Ayuntamiento de Pontevedra a este de Puebla del Caramiñal, y personas responsables de su desaparición"
>
> En 1954, el Ayuntamiento de Pontevedra —era alcalde don Juan Argenti Navajas— regaló al de Puebla la estatua y el pedestal que se levantaban en los jardines de Vicenti desde 1936. Era obra de Prieto Cousén, profesor de dibujo de Tuy y pintor. El monumento fue transportado por barco hasta Puebla. Busto, plinto y bloques del pedestal fueron depositados en el Pantalán, rampa que conduce al mar. Junto a la Lonja Vieja quedaron las piezas hasta 1960. Seis años de incuria.
>
> Un buen día el cantero Antonio Santos González, de setenta y tres años, al ir a recoger unas piedras que necesitaba para los trabajos de una cañería, en el lavadero del río Castelo, observó que unos canteros estaban cortando las piedras del pedestal, y al día siguiente comprobó que las piedras habían desaparecido. Los canteros eran José García Castiñeiras, de sesenta y un años, y Pascual Dávila. Este no vive ya. Aquel declaró en su día que el entonces alcalde de Puebla, don Rogelio Bandín Villoch, les había mandado cargar las piedras que estaban en el Pantalán para llevarlas a la fábrica propiedad de los Bandín. No recuerda si las transportaron en camión o carro, ni recuerda la fecha. En los Arenales, y por orden del alcalde, partieron cada pieza de granito en dos. No se sabe más.
>
> Aquí se hace la noche. El rumor público da como seguro que una de las dos piezas fue a parar al fondo de la bahía, y fuentes autorizadas suponen que sirve como "muerto", es decir, como amarre de barcos. [...]

Entre tanto, el busto yacía en el barrio marinero, castigado por las pedradas de la chiquillería, mirando con los redondos lentes hacia el cielo, el rostro ya desnarigado. En 1966, el nuevo alcalde, don Atilano Lamas, tiene un gesto piadoso. Lo recoge y traslada a las inmediaciones del grupo escolar de Puebla, y a mediados de 1967 lo traslada al monte Curotiña»[9]

O relato da revista *Triunfo*, que xa lle adicara con anterioridade outros artigos ó tema[10] desperta respostas iradas dalgúns lectores galegos por non lle ter dado máis tratamento os xornais galegos ó suceso:

«En varias ocasiones desapareció el pedestal de la estatua de Valle-Inclán en el Curotiña. Y la prensa le dio muy poca importancia. Por ello me parece que ustedes, los periodistas gallegos, deberían sentirse un poco avergonzados que tenga que ser la prensa nacional la que descubra estos reprobables hechos. ¿O es que en Galicia no le damos tanta categoría a Valle como le dan unánimemente en todo el mundo?»[11]

O acontecemento aínda moitos anos máis tarde cóntase, na pruma de Ferrín, entre os esperpentos protagonizados por Valle despois de morto:

«Máis tarde veu a peregrinaxe da magnífica caricatura en pedra que, durante a República, lle fixeran Prieto Coussent e os seus alumnos de Tui, entre eles Álvaro Álvarez Blázquez: botárona da cidade episcopal e foi parar ás Palmeiras de Pontevedra, expulsárona de alí e forona levar ó alto da Curota, na Barbanza, onde non podía dar maus exemplos. Finalmente apareceu derrubada. Escándalo en España promovido por *Triunfo*, revista do corazón (do noso, digo)»[12]

9 «Valle, el alcalde y su pueblo» en *Triunfo* (nº 388 de 8-XI-1969).

10 «Historia de un pedestal» (14-VI-1969) e «El monumento a Valle-Inclán» (21-VI-1969).

11 *La Voz de Galicia* (25-VI-1969).

12 Méndez Ferrín, «Esperpento en Vilanova» (*Faro de Vigo*, 9-XII-1991).

Pero a crónica da estatuística valleinclanesca non remata con este esperpento representado na Pobra senón que ten continuidade noutros espacios. Así, no ano 1973 dase a noticia da descuberta dunha estatua de Valle-Inclán en Madrid, obra do escultor Francisco de Toledo, nestes termos:

«Una estatua dedicada al escritor Ramón María del Valle-Inclán ha sido descubierta hoy en el Paseo de Calvo Sotelo, frente a la Biblioteca Nacional y de espalda al café "Gijón". La estatua ha sido ofrecida al pueblo madrileño por el Círculo de Bellas Artes. Al acto asistieron el alcalde accidental, Jesús Suevos; presidente del citado círculo, Joaquín Calvo Sotelo, el hijo del ilustre escritor, doctor Carlos del Valle-Inclán…»[13]

E mentras nas súas intervencións todos sinalaron a orixe galega do escritor homenaxeado, o seu fillo manifesta «que don Ramón era esencialmente madrileño, recordando que hacía ya 75 años cuando el escritor pisó por primera vez Madrid. El —dijo— no quiso ser nunca un escritor regionalista, sino un escritor castellano, al que llevó los modos regionalistas.»

De moi distinta orientación foi a inauguración que se levou a cabo en Santiago de Compostela dun monumento a Valle, realizado por César Lombera e situado no Paseo dos Leóns, na Alameda. Neste acto o alcalde Santiago fixo fe de valleinclanismo ó proclamar a don Ramón «como referencia inexcusable para saber lo que es Galicia».[14]

Pero a polémica, case batalla, porque Valle en Galicia non deixa indiferente a ninguén, máis longa é a que se libra arredor da posible traducción ó galego da súa obra teatral para ser representada polo Centro Dramático Galego. Tivo esta agre disputa un prólogo breve no ano 1984 cando o daquela director

13 *La Voz de Galicia* (7-VII-1973)

14 *Faro de Vigo* (11-I-1999).

xeral de Cultura, Luís Álvarez Pousa, fai xestións diante da familia de Valle para poder traducir ó galego *Divinas Palabras*; a resposta do seu fillo Carlos, sempre no miolo da cuestión, está recollida así na crónica xornalística:

> «El hijo de Valle-Inclán se mantuvo, sin embargo, inamovible en su posición de principio de que ninguna obra sería vertida a la lengua gallega.
>
> Afirmó que su padre en casa nunca habló en gallego y que si hubiera querido que sus obras se representasen en gallego las hubiera escrito en esta lengua»[15]

Pero será no ano 1998 cando o Centro Dramático programa a representación conxunta, en castelán, dos textos *Las galas del difunto, La cabeza del Bautista, Ligazón* e *El embrujado*, cando se arrice a polémica ata provocar un cisma na Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena.

O tríptico que, como adoita facer, pubrica o Centro Dramático Galego para a representación recolle un fragmento, traducido ó galego, da conferencia de Castelao de 1939 na Habana:

> «… Pero don Ramón del Valle era entrañablemente galego, ata cando se mostraba afastado das nosas preocupacións ou reaccionaba contra as figuras representativas da nosa política ou da nosa cultura…»

A liorta hemerográfica estaba avalada polo esperpento social que se chegou a crear, por exemplo, o día do estreno en Santiago, con Isaac Díaz Pardo entre os invitados oficiais presenciando o espectáculo e o seu amigo Avelino Pousa lendo un manifesto contrario moi preto do lugar do estreno.

O proxecto da representación en castelá de Valle, previsto o estreno para o mes de outubro, preséntase en Santiago o día 27 de marzo, aproveitando a celebración do Día Internacional do Teatro. Asisten o Conselleiro de Cultura Pérez Varela e o Director do Centro Dramático Manuel Guede que xustifican a representación futura como unha excepción, somente posibilitada pola madureza do teatro galego, capacitado para unha obra desta importancia.

Paralelamente, un manifesto en contra da representación sae nos medios de comunicación asinado por máis de 250 escritores e intelectuais, entre os que figuran Bernardino Graña, Méndez Ferrín, Miguel Anxo Prado, Suso de Toro, Manuel Rivas, Vidal Bolaño, Antón Santamarina, etc.

Non faltan, con pretensión de centrismo cultural, xoias deste tipo: un deputado propón que sexa o Ministerio de Cultura de Madrid quen financie a reprersentación en castelán de Valle, para a seguido dicir:

> «… en nuestro país existe una creación cultural de expresión castellana que debemos reivindicar, nunca excluir. Tal es el caso de la personalidad literaria de Ramón Mª del Valle Inclán, gallego universal, que debemos reivindicar e integrar en nuestra realidad cultural».

Sucederanse as lecturas paralelas ás representacións en galego por parte de coñecidos escritores e intelectuais, artigos numerosos, debates e divisións que chegarán ata finais do ano 1998.

Ferrín, protagonista con catro artigos e presencia en lecturas e manifestos, lanza nun deles este reto:

> «Na realidade a pregunta é estoutra: qué Valle será máis Valle e cál terá máis calidade, ¿o do CDG en castelán, representado sobre un depósito de millóns de pesetas, ou o lido paralelamente en galego sen máis respaldo económico que a dignidade?
>
> Vostedes poderán ver, ouvir, xulgar, en breve. Estou seguro de que asistirán ao estrepitoso fracaso da política cultural do PP e dos mercenarios que, con dificultades, el recruta a estes efectos.»

15 *La Voz de Galicia* (17-IV-1984)


VILANOVA DE AROUSA
A
D. RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN



VALLE-INCLÁN EN GALEGO

Francisco X. Charlín Pérez

En xaneiro de 1919, o periódico decenal *A Nosa Terra* (*Idearium das Irmandades da Fala*) publicou en tres números consecutivos outros tantos contos de Valle-Inclán traducidos ao galego. No número 77 correspondente ao día 6 de xaneiro ve a luz a tradución de «Malpocado»; no seguinte número con data do día 15, ofréceselles aos lectores «O Medo» e por último, no número 79, derradeiro exemplar dese mes, aparece a traslación de «Un cabecilla».[1]

Estas tres traduccións foron e continúan a ser as únicas que —de xeito «oficial»— se teñen feito da obra do escritor galego á lingua de Galicia, circunstancia esta que as dota dunha especial singularidade. Se a isto engadimos o feito de que estamos non ante tres traslados textuais normais, mecánicos, case rutinarios, a unha lingua estandarizada, vehículo de comunicación normalizada de ámbito nacional ou internacional, senón diante dun caso de traducción militante a un idioma minorizado, en situación de diglosia[2] e conflicto lingüístico[3] con respecto, precisamente, á lingua da que proceden os textos, os contos publicados en *A Nosa Terra* cobran un grande interés. En efecto, un dos obxectivos fundamentais para as Irmandades da Fala era iniciar un proceso de normalización do idioma que superase o reducido papel de lingua poética e folklórica que se lle tiña asignado na cultura lingüística rexionalista, e un medio para conseguilo era precisamente o de elevar o seu estatus social demostrando, mediante traduccións de textos literarios doutras linguas, que era un instrumento apto para calquera tipo de función comunicativa.

Ademais, o interés que ofrecen estes contos aumenta, se consideramos as dificultades que existen para a traducción ao galego, derivadas da inexistencia neste momento dun código estandarizado[4], coa conseguinte ausen-

[1] Valle-Inclán reside por este tempo na Pobra do Caramiñal, no Casal da Merced, desde onde o 19 de xaneiro de 1919 envía unha nota a Tanis de la Riva. (ver: VIANA, Víctor y TORRADO, Ramón: «Epistolario entre Valle-Inclán y Tanis de la Riva». *Cuadrante* nº 5. Vilanova de Arousa. 2002.

En decembro de 1918 aparece a primeira traducción ao inglés de «La Cabeza del Dragón», por May Haywood Browm. "Poet Love". Boston. (HORMIGÓN, Juan Antonio: *Valle-Inclán. Cronología. Escritos dispersos. Epistolario*. Fundación Banco Exterior. Madrid, 1989 (px.53).

[2] Seguimos a definición que deste témino fai Calvet (1987) (ver: CALVET, Louis-Jean: *A guerra das linguas*. Ed. Laiovento. Santiago de Compostela.1995.), quen retomando a reformulación que Fishman (1967) fai do concepto «diglosia», antes enunciado por Ferguson (1959), considera a esta como a distribución desigual de uso e prestixio social que dúas linguas teñen nun mesmo territorio.

[3] Considerase habitualmente como «conflicto lingüístico», á toma de conciencia que nun momento dado pode aparecer no seo dunha comunidade ou país, sobre a situación de inferioridade social e política dunha lingua con respecto á que comparte o mesmo espacio xeográfico con ela. Así, por exemplo, no caso do galego, aínda que o desprazamento deste polo castelán como lingua «oficial» escrita, tanto nos usos administrativo e político como no de lingua literaria, se produce no século XVI, a reacción a este proceso, é dicir a aparición do conflicto lingüístico, non se produce ata comezos do século XIX, cando xorde o movemento literario que Murguía catalogaría con posterioridade co nome de Os Precursores.

[4] Cando o galego reaparece como lingua escrita no século XIX, a carencia dunha tradición literaria inmediata provoca que os escritores desta centuria se limiten a reproducir a fala popular —único modelo posible dada a carencia de referencias literarias nos tres séculos precedentes—, coa rémora de vulgarismos e dialectalismos que acompañan a

cia dunha norma gráfica clara, así como duns cultivos tanto terminolóxico como estilístico o suficientemente amplos como para dar cabida aos distintos matices connotativos que se presentan nun texto literario, carencias todas que o traductor debía compensar con pericia e intuición e mesmo con improvisación.

Mais para aquilatar a importancia que estes contos traducidos poidan ter tanto no corpus bibliográfico valleinclaniano coma na evolución funcional do galego escrito, cómpre que analicemos antes as características da publicación na que aparecen.

A NOSA TERRA

Para coñecer a historia do tardorexionalismo e do nacionalismo galegos no século XX resulta imprescindible seguir os pasos desta cabeceira periodística, dado que desde a súa aparición ata a actualidade, foi recollida a modo de relevo polos principais movementos e partidos que se situaron en ambas coordenadas ideolóxicas definidas polo galeguismo.[5]

Nace no ano 1907 vencellada ao movemento agrarista e rexionalista Solidaridad Gallega. Tras desaparecer ao ano seguinte é recuperada en 1916 como voceiro polas recén nacidas Irmandades da Fala, abrindo unha nova e diferente etapa na que se autodefine como periódico nacionalista. Sen deixar de editarse en ningún momento, pasa a ser en 1932 o boletín do recén creado Partido Galeguista ata que se ve obrigado a interromper a súa publicación o 17 de xullo de 1936, cando ía polo número 422, a causa da sublevación militar que marca o inicio da Guerra civil. Xa no exilio de América aparece de xeito discontinuo durante vintecinco anos conseguindo poñer na rúa cen números e finalmente, nunha cuarta xeira, reaparece en 1978 como medio vinculado ao nacionalismo de esquerda que se aglutina en torno ao Bloque Nacional-Popular Galego. Permanece na actualidade como semanario afín ao Bloque Nacionalista Galego.

Sen embargo, de toda esta longa e complexa traxectoria, unicamente nos interesa reparar agora nas dúas primeiras etapas para valorar ata qué punto estas traduccións dos contos de Valle-Inclán son consecuencia da nova concepción lingüística e política que nace en 1916 no seo do galeguismo coa aparición das Irmandades da Fala.

ETAPA REXIONALISTA DE SOLIDARIDAD GALLEGA

O rótulo *A Nosa Terra* aparece por primeira vez o 4 de Agosto de 1907 encabe-

———

este modelo lingüístico-literario. Así o recoñecía Rosalía no Prólogo a *Cantares Gallegos* (1863): «n'habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada sólo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harencia propia». É esta etapa, a que se ten catalogado co rótulo de fase interdialectal.

Xa no século XX é cando, primeiro coas Irmandades da Fala (1916) e pouco despois coa Xeración Nos (1920) se da un salto, tanto cuantitativo como cualitativo, na expansión do uso do galego a novos xéneros literarios (cultivo da prosa e do ensaio) e a todo tipo de situacións comunicativas —entre elas a de ser receptora de textos traducidos doutras linguas— superando a situación reductiva de lingua para a poesía e para a prosa de tema folklórico e costumista que ata ese momento lle era asignada. Sen embargo e a pesar de tímidos logros como a desaparición nos textos de gran número de dialectalismos (etapa supradialectal) ou a ampliación do léxico con cultismos, arcaísmos, lusismos e outros préstamos, este avance non se traduciu na consecución dun modelo estándar de lingua.

Esta carencia de estándar determina a ausencia do fundamental proceso de «automatización» que á súa vez provoca o de «desautomatización», isto é, o que «abre a posibilidade de facer un uso conspicuo do idioma, de empregar os seus recursos dun xeito que chamen a atención sobre o propio instrumento lingüístico, converténdoo en parte sustancial da mensaxe» (MONTEAGUDO, Henrique: «Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores» en revista *Grial*. nº 122. Vigo. 1994.

[5] Ver voz «*Nosa Terra, A*» de Margarita Ledo Andión en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago-Gijón.1974.



A Nosa Terra, 1907

zando un periódico semanario, que dirixe na Coruña Euxenio Carré Aldao[6].

Xorde como resultado da integración dos rexionalistas da «Cova Céltica» en Solidaridad Gallega[7], movemento político de signo agrarista que procuraba a modernización do campo loitando contra os foros así como a desaparición da estructura caciquil na que se apoiaba o sistema turnista da Restauración. Nesta frente «solidaria» rematarían por integrarse —ademais dos galeguistas liberais da «Cova Céltica»—, tanto os carlistas de Vázquez de Mella como os republicano-federais liderados polo coruñés Médico Rodríguez.[8]

Nesta curta etapa —desaparece o 27 de outubro de 1908— na que viron a luz 60 números, a linea editorial da publicación veu marcada polas ideas do rexionalismo liberal, maioritario no periódico, e acorde con isto a súa cultura lingüística reproducía os esquemas oitocentistas da prensa deste credo político: bilingüismo disimétrico que se concretaba no uso do castelán como idioma xeral de redacción mentres se reservaba o galego de xeito reductivo para a composición ou reproducción de poemas e para a redacción en prosa de contos ou asuntos de carácter popular.

Etapa das Irmandades da Fala

En cambio, na confección do homónimo periódico das Irmandades da Fala, en coherencia coa denominación desta nova agrupación político-cultural, tanto os redactores como os colaboradores van practicar un uso exclusivo do galego ao considerar o idioma como un elemento inalienable do nacionalismo que agora por primeira vez se proclama.

En efecto, este colectivo, ao lado doutras institucións ou grupos como foron Nós, o Seminario de Estudos Galegos ou o Partido Galeguista, fixeron realidade que o galego deixase de ser unha lingua de cultivo escrito maioritariamente literario —poético ou en prosa para temas folklóricos— e pasase a ser utilizado «cada vez máis asidua e decididamente e pugnando por vencer as inevitables inercias, no ensaio, na prensa, na traducción de textos literarios, no mitin e no acto acadé-

[6] Carré Aldao era o propietario da librería sita na coruñesa rúa do Rego de Auga coñecida como a «Cova Céltica» na que se viña reunindo o grupo homónimo integrado polos rexionalistas liberais da Coruña liderados por Murguía entre os que se podía atopar a Pondal, Tettamancy ou Lugrís pero onde a veces tamén acudían dende Santiago representantes do rexionalismo tradicionalista como Brañas, López Ferreiro ou Cabeza de León.

[7] Para as características ideolóxicas do Rexionalismo ver: MÁIZ, Ramón: «O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía» (1886-1907). *Publicacións do Seminario de Estudos Galegos*. Ed. do Castro. Sada (A Coruña), 1984.

[8] Ver: G. BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *O Nacionalismo Galego*. Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1995. (px. 55-75).



Vilar Ponte.

mico»[9]. Avance no cultivo escrito que coincide precisamente cun inquietante deterioro das súas «redes de transmisión interxeracional»[10] motivado polo proceso de urbanización e proletarización que neste primeiro tercio de século se está a dar en Galicia como consecuencia dun relativo progreso económico[11].

As Irmandades da Fala xorden o 18 de maio de 1916 na sé da Real Academia Galega, trala chamada que o 5 de Xaneiro dese mesmo ano fai Antón Villar Ponte, xornalista republicano de *La Voz de Galicia*, a todos os galegos —desde os federais progresistas ata os tradicionalistas— invocando o fomento do «nacionalismo natural» e a defensa da lingua. A aparición destas agrupacións vai supoñer un renacemento e redefinición da teoría galeguista, ao declararse os seus integrantes como nacionalistas no eido político e procurar no lingüístico e cultural «espallar o uso oral e escrito do galego co que inauguran un monolingüismo sistemático»[12].

Nesta reformulación nacionalista do galeguismo confluíron dúas tendencias ideolóxicas moi diversas[13]: por un lado a de cultura liberal-

9 Así, «desde os primeiros números da segunda etapa de *A Nosa Terra*, aproximadamente entre 1916 e 1920, intelectuais como Antón Villar Ponte e Victoriano Taibo foron reflexionando sobre a necesidade de que o galego deixase de asociarse necesariamente co cultivo da poesía costumista, o folklorismo banal e o humor chocalleiro para irlle abrindo o paso a unha nova era da súa historia en que, convertido xa en idioma nacional, fose asiduamente empregado tamén na prosa para tratar dignamente os máis diversos temas relacionados co mundo da cultura, a ciencia ou a actualidade; xéneros como a novela e, sobre todo, o teatro foron especialmente promovidos polas Irmandades da Fala durante os seus primeiros anos de vida (cf. Monteagudo, H: "Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego" (1916-1920), *Anuario de Estudios Literarios galegos* 1995, pp.63-108.)». Así mesmo, a traducción de obras literarias foi notablemente cultivada e acadou un notable grao de presencia nas páxinas de *Nós*, *A Nosa Terra* e *Logos* ou na política de publicacións da editorial Nós (cf. Noia, M. C.: «Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea», *Viceversa* 1, pp. 13-62.) en: MARIÑO PAZ, Ramón: *Historia da Lingua Galega*. Ed. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela. 1998. (px. 402-403).

10 MARIÑO PAZ, Ramón: *opus. cit*. (px. 403).

11 CARMONA BADÍA, Joam: *Comunicación nas «Xornadas de Historia de Galiza»*. AS.PG. A Coruña. Febreiro, 1998. Carmona, que divide os dous séculos que conforman a história económica contemporánea de Galicia en catro xeiras: a) 1830-1890; b) 1890-1936; c) 1939-1957; d) 1958-1998; considera á segunda destas etapas como unha das máis brillantes da Historia de Galicia despois da desastrosa que a precedeu. Frente ao periodo 1830-1890 no que se consuma o fracaso industrial debido á incapacidade da industria tradicional para convertirse en industria moderna, no que a agricultura permanece ancorada nos vellos métodos e estructuras do vello Réxime e no que as comunicacións a penas experimentan melloría perceptible, a etapa 1890-1936 preséntase como a que asiste ao nacemento da industria moderna e a unha transformación sen precedentes no sector agrario que se orienta agora cara a exportación de carne despois da posta en funcionamento en 1885 do ferrocarril de unión co resto da Península. Esta mellora nas comunicacións tamén propiciou a aparición do moderno veraneo nos balnearios que agora se constrúen. As cidades —sobre todo Vigo e en menor medida A Coruña— entran agora nun periodo de crecemento e modernización. A razón destes cambios ten explicación se consideramos que nestes anos Galicia duplicou o seu Producto Interior Bruto.

12 G.BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *opus. cit*. (px. 93-135).

13 Proceso similar ao que acontece entre os anos 1890 e 1894 coa Asociación Rexionalista Galega na que confluíron os liberais de Murguía, os tradicionalistas de Alfredo Brañas e os republicano-federais de A. J. Pereira. Ver: MAIZ, Ramón: *opus. cit*. (px. 106-135).

democrática do grupo promotor coruñés e doutra banda a católico-tradicionalista con epicentro en Ourense «que volve agromar con grande forza gracias a que o ex jaimista Losada Dieguez asume o nacionalismo e catequiza aos que serán motores do grupo *Nós*: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas»[14]. Este movemento de converxencia desemboca na I Asamblea Nacionalista que se celebra na cidade de Lugo os días 17 e 18 de Novembro de 1918. Estes son polo tanto a práctica lingüística e o perfil político do grupo que sostén esta publicación agora de frecuencia decenaria.

Esta nova *A Nosa Terra*, que establece a súa redacción no despacho do poeta Xosé Iglesias Roura na rúa do Cantón Grande da Coruña, estaba dirixida por Villar Ponte coa axuda na redacción de Viqueira, Peña Novo e Victor Casas e tiña como colaboradores, entre outros a Risco, López Abente, Manuel Antonio, Castelao, Losada Diéguez, Fernández Flórez, Cabanillas, Otero Pedrayo ou Evaristo Correa Calderón.

Edita o seu primeiro número o 14 de novembro de 1916[15]. Un ano máis tarde alcanza unha tiraxe de 2000 exemplares, cifra que consegue manter durante sete anos ata que sofre a súa primeira mingua por mor da división que se produce no seo do galeguismo despois do cisma habido na Asamblea de Monforte (1922) e queda reducida a órgano das Irmandades que permanecen agrupadas en torno á da Coruña ao se producir a escisión do sector culturalista ourensán liderado por Vicente Risco[16], e xa unha segunda minoración cando a chegada da Dictadura de Primo

[14] G. BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *opus. cit.* (px. 99).

[15] Ver: Voz *«Nosa Terra, A»* por Margarita Ledo Andión. En GEG. Santiago-Gijón, 1974

[16] Ver: G. BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel: *O Nacionalismo Galego*. Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1995 (px. 93-140).



Cantón Grande. A Coruña.

A·NOSA·TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON
Na Cruña 6 mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »
Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »
Pagos adiantados

Redaición e Adeministración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala) | Número 77 | A CRUÑA 6 DE XANEIRO DE 1919

CON PRUMA ALLEA

durías, sin Direcciós xeneraes, sin subsecretarías e Gobernos civís, espántaos. Todo menos eso.

A Nosa Terra, 1919

de Rivera (1923) lle supón saír coa sordina da censura e verse limitada a aparecer con frecuencia mensual.

Pois ben, é precisamente antes das mermas editoriais atrás sinaladas cando se realizan as traduccións dos contos de Valle-Inclán.

A cabeceira *A Nosa Terra* editada polas Irmandades da Fala ía dirixida á pequena burguesía ilustrada, sobre todo urbana, que estaba emerxendo neste primeiro tercio de século en Galicia. Tiña como obxectivos a superación do atraso económico, a atracción da cidadanía cara aos posicionamentos políticos galeguistas e sobre todo a concienciación a favor da lingua e da cultura galegas dos sectores aos que se orientaba.

No primeiro destes aspectos batallou polas comunicacións ferroviarias, pola desaparición dos aranceis cerealísticos, perxudiciais para o, nese momento, emerxente sector gandeiro e pola desaparición dos foros; no terreo político o branco dos seus ataques era o sistema monárquico sustentado no caciquismo e no turnismo representado en Galicia polos Besada, Riestra, Bugallal, Gasset...; pero foi sobre todo no aspecto cultural[17] no que as súas aportacións merecen ser destacadas pola súa contribución á normalización lingüística, mais tamén pola que fixeron ao campo da historia ao ter popularizado como referente mítico á figura histórico-lendaria do Mariscal Pardo de Cela, que se une desta maneira aos celtas, suevos, Xelmírez e Irmandiños, que xa consagrara a historiografía decimonónica nas produccións de Vicetto e Murguía. Ademais, como sinala Margarita Ledo, desde «su primera sección dedicada a las reseñas literarias, *Follas Novas*, la cultura fue un capítulo importante en el periódico nacionalista, con especial atención hacia los temas educativos: publica normas ortográficas y síntesis geográficas, reivindica Facultades de Ciencias o Filosofía, promueve, infructuosamente por la llegada de la Dictadura primorriverista, las Escolas do Insiño Galego y la revista *As Roladas*. Ni el arte, el teatro y las representaciones que realiza la Escola Dramática Galega, la música, la poesía o las traducciones de autores tan novedosos como Tagore, Gorki, Ibsen, Rimbaud o Eça de Queiroz, faltaron en sus páginas».

Como mostra, podemos ver, por exemplo, no exemplar do 5 de xaneiro de 1917 a tradución dun fragmento do Quijote, no número do día 20 de xullo de 1918[18] —o mesmo no que se publica a *Teoría do Nazonalismo Galego* de Vicente Risco— as

[17] «O noso rexionalismo non é somentes económico e político. É tamén unha custión d'estética, beleza, arte, perfeición e sobor de todo de cultura, de luz galega pr'o pensamento, que nos siñale a rua da liberdade compreta y-europea. Y-a fala, anosa fala, ten de sere, e xa comenza a se-lo de feito, o medio axeitado d'eispresión d'ises probremas. (Taibo 1917)» en MONTEAGUDO, Henrique: *Historia social da Lingua Galega*. Ed. Galaxia. Vigo, 1999 (px.477).

[18] *A Nosa Terra*. Nº 61. 20-VII-1918.

traduccións feitas polo fidalgo ourensán Losada Diéguez do poema «A Folla» de A. V. Arnaul, o Soneto XV della *Vita Nuova* de Dante, ou o anaco de *Os pretendentes â coroa* de Enrique Ibsen e os traslados de *A Aia* e *Frai Genebro* de Eça de Queiroz nos números do 30 de Agosto e 10 de Setembro deste mesmo ano.

O GALEGO NO TEMPO DAS IRMANDADES DA FALA

Todo isto hai que enmarcalo no xiro que se lle pretende dar á lingua e literatura galegas, superador na primeira do modelo lingüístico de inspiración popular herdado da tradición escrita decimonónica e na segunda coa ampliación a temas e xéneros que non fosen necesariamente a poesía e a prosa costumista[19]. Todavía en 1912 denunciaba García Blanco[20] que «la literatura gallega contemporánea es exclusivamente poética, más aún, lírica y humorístico-descriptiva. Mientras se escriben versos y más versos de tal carácter y contenido, carecen de cultivo en nuestra lengua, o lo tienen escasísimo y pobre, otros géneros literarios que por su índole se hallan más al alcance de toda suerte de lectores (...) por ejemplo el teatro, la oratoria, la novela, el periodismo; casi no tenemos, en suma, literatura en prosa».



Losada Dieguez

Sen embargo, como se lles tivese chegado o recado de García Blanco, xa no segundo número de *A Nosa Terra* se nos explicita como un dos principias obxectivos desta publicación a seguinte intención: «Nós queremos mais que rexionalismo de folk-lore; queremos mais que fatelos típicos, gaitiña, cantigas e versos, xa que non comprendemos que se poida entendere que lenguaxe que sirve pr'á poesía non sirva o mesmo ou millor pr'á prosa» (*A.N.T* 1916)[21]. Frente a «tanto esquirtore de monteira, cirolas y-estadullo», manifestase que a nosa fala «sirve para eispresare e verter n-ela todal-as ideias e todol-os pensamentos, todal-as verdades e todol-os sentimentos, deisd'os mais sotis e velaiños deica os mais centíficos e prefundos. Coidare que soyo ten condiciós para describi-las es-

[19] «Cando unha lingua que se tivo en cálida de dialeuto ó longo dos anos querse volver a trocar en idioma nazonal d'un povo —e isto socede agora c'o galego— é perciso dignifical-a empregándoa en temas universás e esquisitos. Pero hai moitos que non chegan a decatárense de tan cristaíña verdade. Chamándose bos fillos da terra, siguen dándolle ó galego as caraiterísticas de dialeuto; siguen escrivindo cousas de labregos en linguaxe de labregos, inda que se teñen por literatos e homes do seu tempo; siguen falando dos curandeiros, dos meigallos, facendo chistes doados e groseiros a conta dos probes compatriotas que non queren falar o galego e din moitas borricadas en xeito castelán». *A Nosa Terra*. 15-III-1919. nº 83. En: MONTEAGUDO, Henrique: *Historia social da Lingua Galega*. Ed. Galaxia. Vigo, 1999.(px 480).

[20] GARCÍA BLANCO; M: *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. Imprenta El Norte de Galicia. Lugo, 1912.

[21] En: MONTEAGUDO, Henrique: *Historia social da Lingua Galega*. Ed Galaxia. Vigo, 1999 (pp. 478-479).

morgas e fartadelas y-enxergare contiños acedos, é como afirmare que Galicia non pode ter, nin ten agora, un esprito que sinta e pense». Mais para iso é necesario un proceso de depuración lingüística, «unha fala xeitosa, peneirada, pulida e culta, facendo urbano o que sexa rústico, traguendo âs vilas os ars da aldea pra devolverllos dimpois envolveitos na veste albiña da cultura, coma un ben d'amore e d'enxebrismo»[22].

Froito destas intencións foi a «consolidación do uso da nosa lingua na prosa literaria e o inicio do seu cultivo na non literaria» que non tardou en «esixir dos autores estratexias tendentes a dota-lo idioma do vocabulario necesario para acometer tales empresas» e en realizar «un traballo sobre o instrumento lingüístico que o transformase en código apto para a elaboración de textos precisos e con certo nivel de abstracción, propios de xéneros coma o ensaio ou o artigo»[23]. Así o comprobamos ao ler unha colaboración de Correa Calderón —no mesmo número no que aparece traducido «Malpocado»—[24] na secCión titulada « Páxinas extranxeiras» onde antes de traducir fragmentos de obras de Oscar Wilde *(Narciso)*, de Omar-Al Khayyam *(O millor)*, de Paul Verlaine *(Parrafeo sentimental)*, de Giovanni Pascoli *(O Pasado)*, de Rabrindanalth Tagore *(A Frol da Champaca)* e de Xan Maragall *(Unha vos)*, manifesta:

> «Temos que dare â literatura galega d'oxe, un senso novo e actual. Nós, debemos tratar de conquerir tamén qu'a lingua galega sexa elásteca e dútil, pra cincelar n-ela as novas Formas, as Novas Ideias. Por sobor das opiniós dos vellos, de qu'o galaico, debe quedar no século XIX nós creemos que ll'hai que dar tódal-as verbas precisas d'ogano, inda qu'elas sexan portuguesas ou francesas ou italianas. Se non movésemos as augas podres da poza —o galego era com'unha poza— a auga chegaría a estar morta. O galego sería despois unha cousa tradicional e lexendaria, que iría desaparecendo como a gaita ou os costumes de guardarropía...».

E continúa, dando a súa opinión sobre a nova dimensión que a traducción aporta á lingua:

> «Istes anaquiños extranxeiros —que puxen en galego sinxelamente— son mostras líricas d'algúns Raros e Novos. Para uns xa serán coñecidos; Mais na fala nosa, terán para eles unha nova emoción i, outra beleza... Pros outros, serán recendos de frol...».

Estamos pois coa chegada das Irmandades da Fala, ante un periodo novo e distinto[25] que determina que teñamos que facer unha cesura entre o galego escrito deste tempo e o tardodecimonónico que se prolongou ata 1916. Veremos como as traduccións dos contos de Valle-Inclán responden perfectamente ás características lingüísticas desta nova etapa.

DIFERENCIALISMOS

Así nesta nova xeira de arrequentamento lexical a actitude vixiante ante o castelanismo determinou que non fose o idioma dominante a fonte onde se ían buscar sistemáticamente os vocábulos que faltaban: o galego antigo, o portugués literario serán agora filóns máis explotados e non poucas veces para substituír palabras lexitimamente galegas pero «sospeitosas» polo simple feito de teren un par idéntico na «lingua teito». Ao mesmo tempo este

22 En :MONTEAGUDO, Henrique: *opus. cit*. (px. 479).

23 MARIÑO PAZ, Ramón: *Historia da Lingua Galega*. Ed. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela, 1998 (px. 465).

24 *A Nosa Terra*. Nº 77. 6 de xaneiro de1919. (px. 5).

25 «Para os tempos novos fala nova! O galego é algo que se fai, que se crea, non algo feito. Mas, para face-lo hai que coñecer as súas posibilidades actuaes (a súa gramática) e as suas posibilidades futuras en germe n'as actuaes (o seu dinamismo)». Coméntase na páxina 4 do mesmo número de 6 de xaneiro.

«purismo ante o acoso castelanizador, en si mesmo saudable, dexenerou non poucas veces en reduccionismos e distorsións do patrimonio lexical galego ou en prácticas diferencialistas»[26] que se concretaron na explotación dos seguintes mecanismos:

a) Preferindo as distintas clases de vulgarismos á palabra coincidente co castelán. Deste xeito, nos contos traducidos aparecen os provocados por:
   - —vacilación vocálica: siñora, antre, antreaberta (O medo); siñora (Malpocado); siñore (Un cabecilla).
   - —adición vocálica: sere, entrare, resprandore, voare sua y-alma, i-ecresiástico,pasare, sostere, decire, sabere, sorrire (O medo); sere, siñore, a y-alma, y-a aboa (Malpocado); recaere, contestare, siñore, continuare, proferire, chegare, oscilare, botárese, pol-a y-alma (Un Cabecilla).
   - —supresión vocálica: pra, pro (O medo); pra (Malpocado); pro —por pero—, pr'a cova (Un Cabecilla).
   - —por metátese: pirmeira (Malpocado); percisaba (Un Cabecilla).
   - —da habitual vocalización do primeiro elemento dos grupos consonánticos cultos (–bt-, -bs-, -pc-, -cc-, -pt-, -ct- e -ks-) temos os seguintes exemplos: outer (O medo); doutrina, aspeuto (Malpocado); ausoluzón, eisaltazón, faucioso, faucións e eispresiva (Un Cabecilla). Só aparece un por eliminación: soma —por sombra— en «O medo».
   - —aplicando a solución semiculta nos grupos (-pl-, -cl-, -bl-, -fl-) ás voces cultas: froleiros, bibrioteca, retabro, incrinada, resprandor, craramente, ecresiástica (O medo); amabre (Malpocado); retabro, crásico, incrinouse (Un Cabecilla).

b) Idénticos motivos de enxebreza provocaron «a inclinación a favor do uso de certos sufixos e terminacións patrimoniais que, fronte ó que sucedía coas correspondentes solucións cultas, tiñan ó seu favor o feito de reforzaren a harmonía coa nosa lingua medieval, coa portuguesa ou coas dúas a un tempo»[27]. Son as terminacións —anza, -za, -zo, -bel, as primeiras de uso abundante nestas traduccións: informazón, tradizón, concenza, ourazón, silenzo ou ausoluzón en «O medo»; silenzo, resignazón, distanza e salutazón en «Malpocado»; silenzoso, difrenzaba, indulxenza e eisaltazón en «Un Cabecilla». Canto a -bel aparece: inmoveis —de inmovel— en «O medo» e terribel e venerabel en «Un cabecilla».

c) No subsistema de demostrativos hai, tamén por afán diferencialista, preferencia polas formas con (i-) tónico, mesmo para o feminino: ises, ista en «Un Cabecilla» e nista en «Malpocado».

d) Tamén descubrimos nos contos de *A Nosa Terra* a presencia dos chamados «hiperenxebrismos». Estes consisten na aplicación dunha falsa ecuación entre dúas parellas de palabras galegas e castelás: así sobre a equivalencia (ouro = oro < aurum) fórmase a equivocada (adourar = adorar < ad orare) ou sobre (pé = pie < pedem) dedúcese erroneamente (cencia ou cenza = ciencia < scientiam). Aparecen: concenza, ourante, ourental (oriental) e ourazón en «O medo» e rousadas en «Malpocado»; hai un segundo tipo que sobre a base (cabalo = caballo < caballum), (ano = año < annum) e (lúa = luna < lunam) inventa —e utilizamos exemplos dos contos de Valle-Inclán—: tribúa, brilaba e prisoeiro en «O medo», brila e galardeian en «Malpocado» e montana en «Un Cabecilla».

LUSISMOS

O portugués funcionou nestes anos, primeiro para os membros das Irmandades e logo para a Xeración Nós como lingua de referencia

[26] MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit*. (pp. 465-474).

[27] MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit*. (px. 466).

culta á que acudir na modernización do léxico galego[28]. Algúns como Johan Vicente Viqueira mesmo adoptaron posturas claramente reintegracionistas. Nas traduccións que analizamos son perceptibles lusismos léxicos e morfolóxicos como: aldeia, nuvens, inmoveis e até en «O medo»; aldeia e até en «Malpocado» e aldeia, receio e até en «Un Cabecilla». Hai tamén un lusismo gráfico en «O medo», trátase de «regimento».

ARCAÍSMOS

O mellor coñecemento da lírica e da prosa[29] medievais así como dos documentos notariais daquela época publicados en revistas como *Galicia Diplomática* (1880-1893) de Bernardo Barreiro ou *Galicia Histórica* (1901-1903) de López Ferreiro, favoreceu unha sorte de restauración historicista mediante o traslado de térmos medievais ao galego moderno.

Podemos diferenciar tres clases nos contos de Valle-Inclán: a) En primeiro lugar formas como findaba (por finaba) en «O medo» trasladada directamente dos Cancioneiros. b) En formas verbais da segunda conxugación nas que se aplica a secuencia gráfica arcaizante —sc-: aparesceu e oferesceu en «O medo». c) Na reconstrución de formas a partir da toponimia. Por exemplo, de Montouto e Toxos Outos sae a voz periclitada outo. Así: «outa fenestra» e «outo» en «O medo».

CASTELANISMOS

O castelanismo «dista de quedar erradicado nestes anos, aínda que aparece con moita menos frecuencia ca en épocas anteriores»[30]. Nos relatos traducidos atopamolos de varios tipos:

1) En «O medo».
a) Léxicos: escalofrío (escallofrío ou arrepío), maiorazgos (morgados), solariego (petrucial), racimos (acios), ropaxe (roupaxe) e alargou (alongou), leía (por lía), fai (cruce de facer e haber).
b) Morfosintácticos: houbera preferido (uso do inexistente tempo composto), tremou (sustituíndo a tremeu, con cambio de conxugación incluída), vaite, hacharaste, adormecíame (uso indebido do reflexivo), hacia (en vez da locución prepositiva cara a).
2) En «Malpocado».
a) Léxicos: difuntos (defuntos), edade (idade), branqueciñas (abrancazadas) e amarilentas (amareladas).
b) Morfosintácticos: elo (neutro inexistente), mercarte (reflexivo innecesario), otorguevos, (colocación incorrecta do pronome), vades (ides, por cruce co castelán vais), andiveron (polo regular andaron), hacia (cara a).
3) En «Un Cabecilla».
a) Léxicos: aullaba (ouleaba), gavilla (gavela), releve (relevo), parrillas (grellas), visviseo (visveo) e decir (dicir).
b) Morfosintácticos: ficáseme, contoume (colocación errónea do pronome átono), hacia (cara a).

GRAFÍA

A pesar da importancia que se lle concede á lingua neste momento « tampouco se camiñou cara a unificación no terreo da grafización, por máis que esta necesidade fose un

28 «Gramática galega temo-l-a. A de Saco de Arce ainda que vella é aproveitable. Ademais temos as gramáticas portuguesas que moito nos poden ensinar. - E o mismo digo dos dicionarios (sic). - E que os novos fagan novas gramáticas e diccionarios (sic) novos», dise nunha sección titulada «Da renascenza lingüística» en *A Nosa Terra*, número 77 de 6 de xaneiro de 1919.

29 Martínez Salazar publica en 1900 unha edición da *Crónica Troiana* traducida no século XIV ao galego.

30 MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit*. (px. 466).

dos argumentos que máis adoito se esgrimiran para pedi-la constitución da Real Academia Galega desde as últimas décadas do século XIX»[31]. O castelán seguíu sendo o punto de referencia fundamental e só de xeito esporádico se recorreu ao portugués, continuando, aínda que algo atenuada a inseguridade gráfica herdada do século XIX, da que temos os seguintes exemplos nos textos que nos ocupan:

1) Vacilación no emprego de <h> e <b/v> como podemos observar en «O medo» (hombro, hoco, hacharaste, hosos, inmovil), «Malpocado» (y-aboa, hombros) e «Un Cabecilla» (inmovil, hachouno).
2) Non se resolve a representación do fonema fricativo palatal xordo, por iso, aparece a mesma palabra representada dos dous xeitos en discordia: o etimolóxico (regimento) ao lado do foneticista (reximento).
3) Permanece a práctica dunha escritura reproductora dos fenómenos da fonética sintáctica habituais no uso oral da lingua, numerosos nos contos de Valle-Inclán, tanto mediante apóstrofos como con guión de enlace: d'entrare, d'unha, qu'eran, todal-as, N-o, tremal-o, n-aquel, despregal-os en «O medo»; baix'o mantelo, pol-a, n-unha en «Malpocado»; e s'erguía, non-o, pol-a yalma en «Un cabecilla».

DIALECTALISMOS

Nesta etapa —coñecida como fase supradialectal— o apego ás formas locais foi escaso. Sen embargo, aparecen algunhas vacilacións entre solucións das diversas áreas dialectais:

a) Na terminación -N —NS para plural feminino (<ANUM-ANAM), altérnase no mesmo texto («O medo»), a solución do bloque occidental (irmáns) e a do central (maus).
b) No plural das formas rematadas es —L, vacílase entre (rituaes) e (iguales, cascabeles, lebreles) en «O medo» ou (azues) en «Malpocado».
c) Na morfoloxía verbal, decántase pola neutralización a favor da segunda conxugación -IU (sacudeume, saleu en «O medo»; tremeluceu en «Malpocado»; sirveu, repiteu, fuxeu en «Un Cabecilla») cando debía ir pola terceira en -IU.

A coincidencia nos tres contos deste último risco dialectal e a que tamén se da nos verbos traguendo (traendo), faguían (facían) en «Un cabecilla» e faguere (facer) en «Malpocado», parece indicar que os tres textos foron traducidos pola mesma man.[32]

ORIXE DA VERSIÓN GALEGA DE *A NOSA TERRA*

Se comparamos as traduccións publicadas por *A Nosa Terra* cos contos matrices que integran as edicións actuais de Valle-Inclán, comprobaremos que se producen dous tipos de desaxustes: en primeiro lugar constataremos a falla dun conto, «Malpocado», desclasificado da edición que configurou de forma definitiva a colección dos contos do escritor vilanovés

[31] MARIÑO PAZ, Ramón: *opus cit*. (px 471).

[32] Eliane Lavaud, en cita, fai o seguinte comentario: «Normalmente el periódico indica el nombre del traductor. Aquí, no se cita ningún nombre. ¿Debemos colegir que el mismo Valle-Inclán tradujo sus cuentos para la revista? Solo es una hipótesis» (En LAVAUD-FAGE, Eliane: *La singladura narrativa de Valle-Inclán. 1888-1915*) Fundación Barrié. A Coruña,1991 [px. 491]).

As escasas marcas dialectais que aparecen nos tres contos —engadamos aquí «eiquí» en «O medo»— apuntan a alguén do bloque central (area lucu-auriense). Tal vez se trate de Losada Diéguez (Carballiño-Ourense) ou Correa Calderón (Neira de Rei, Lugo). Nunca Valle-Inclán, por dous motivos: 1) Nos fragmentos intercalados en obras en castelán que produciu en galego, cando aparece algunha marca dialectal, esta pertence á microsubarea o Salnés.
2) Parece bastante difícil que Valle estivera familiarizado coas novidades que a partir de 1916 introducen no galego as Irmandades da Fala.

baixo o epígrafe *Jardín Umbrío*; en segundo lugar decatarémonos de que as versións galega e castelá non coinciden con exactitude, e non a causa da diferencia de idioma.

Isto explícase por dúas razóns: a primeira porque Valle revisaba e reformaba, a veces introducindo cambios importantes, a súa obra nas sucesivas reedicións que ían vendo a luz; a segunda porque eliminou relatos que, despois de ser integrados en obras maiores —no caso de «Malpocado» na novela *Flor de santidad*— carecía de sentido a súa continuidade como unidades independentes.

Todo o anterior levanos á pregunta de sobre qué edición están feitas as traduccións de cada un dos contos, e para atopar a resposta, cómpre analizar as carácterísticas de cada unha das edicións de contos do escritor galego que apareceron baixo o título de *Jardín umbrío* ou *Jardín Novelesco*.[33]

En 1903, Valle-Inclán publicou o seu primeiro libro de contos que levaba por título *Jardín umbrío*[34]. Só constaba de cinco contos: «Malpocado», « El Miedo», «Tragedia de ensueño», «El Rey de la máscara» e «Un cabecilla», títulos que xa foran publicados na prensa con anterioridade. Os tres traducidos ao galego xa están nesta colección.

En 1906 —aínda que leva a data de 1905—, ve a luz o segundo volume de contos titulado *Jardín Novelesco, historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*.[35] Máis voluminoso que o precedente, consta de 14 títulos, entre os que están os tres que nos ocupan. Sen embargo, prodúcense dous pequenos cambios: un no conto «Malpocado», no que se prolonga o diálogo inicial entre a avoa e o neto, e outro en «Un cabecilla» no que se engade «el viejo se enjugó una lágrima» despois do fragmento que en galego di «o guerrilleiro pasouse a man pol-os ollos».

En 1908, a editorial Maucci de Barcelona publica outra recopilación de contos de Valle-Inclán co mesmo título que a anterior, excepto a última preposición, que desaparece. Engádenselle catro contos máis, co que a colección alcanza a cifra de 18. Entre estes permanecen os tres traducidos por *A Nosa Terra*. Deles, «Malpocado» e «Un cabecilla» a penas sofren variación, pero en «El Miedo» atopamos dúas variantes: a) aparece por vez primeira a versión definitiva «señor de Bradomín» en vez de «señor de Bradamín», cambio que recolle a versión galega. b) onde dicía de forma incoherente «los cabellos se erizaron en su frente» pasa a dicir «los cabellos se erizaron en mi frente», variante que tamén reproduce a traslación galega «os cabelos alporizáronse na miña fronte». Isto descarta como fonte da traducción as dúas versións anteriores a esta.

En 1914, aparece a cuarta recopilación dos contos do escritor vilanovés. Retoma o título de 1903, conservando o subtítulo de 1908.[36] Nesta nova edición aparecen tres contos novos pero desaparecen sete títulos das precedentes —agora é cando desaparece «Malpocado»—, polo que queda reducida a 15 títulos. Ademais da desaparición de «Malpocado», prodúcense dúas importantes variacións en «Un cabecilla» que invitan a descartar a esta edición como modelo das traduccións de 1919. Son estas:

1) Desaparece definitivamente a longa progresión dramática da marcha dos dous vellos, que sen embargo podemos encontrar na versión en galego. Este é o fragmento suprimido: «... se internaron en el hondo caminejo de la montaña, tan fresco con sus

33 Ver: LAVAUD-FAGE, Eliane: *La singladura narrativa de Valle-Inclán (1888-1915)*. Fundación Barrié. A Coruña. 1991. (pp. 158-170).

34 *Jardín umbrío*, Madrid. A. Rodríguez Serra, 1903. (Biblioteca Mignon. T. XXXIII).

35 *Jardín Novelesco. Historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*. Madrid. Revista de Archivos, bibliotecas y museos. 1905.

36 *Jardín umbrío. Historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*. Madrid. Imp. de José Izquierdo, 1914.

humedades de gruta, tan fragante con sus setos de florido saúco, tan lleno de alegres sustos con sus pasaderas bailarinas, tan amenazador con sus revueltas y encrucijadas, tan trágico con sus cruces negras, que recuerdan algún sangriento suceso, y tan viejo tan viejo que hasta en las lajas tiene impresas las huellas de los carros, surcos llenos de agua turbia, que semejan arrugas de la edad, labradas siglo tras siglo en la trocha sombría, granítica y salvaje...».

2) Cambia, como tempo de ambientación do conto, a primeira Guerra Carlista pola segunda. Na traslación galega lemos: «cando a primeira guerra civil».

Descartamos por imposibilidade cronolóxica as edicións de 1920 e a que constitúe a base da actual. Nestas últimas sobresaen os cambios que se producen na definitiva versión de «Un cabecilla», onde se introduciron catro replicas novas nos diálogos, inexistentes por suposto na traducción galega.

Todo o anterior nos conduce ás seguintes conclusións:

a) Dado que os tres contos aparecen xuntos nas tres primeiras edicións de 1903, 1906 e 1908, deberon ser traducidos dun destes tres libros. Reforza esta hipótese a ausencia en «Un cabecilla» dos cambios introducidos en 1914.
b) «El Miedo», non pode ser traducción das edicións de 1903 e 1906, pois reproduce os cambios de 1908. É posiblemente esta edición, a base das traduccións feitas para *A Nosa Terra*.

VALLE EN GALEGO
TEXTOS

MALPOCADO

*Conto po*r Valle Inclán.

A vella mais vella da aldeia camiñaba có seu neto da man por un sendeiro de verdes orelas, tristeiro e deserto, que parés aterido baixo a luz da alba. Camiña corcovada e salaiante, dando consellos ó neno, que chora en silenzo.

—Agora que escomenzas a ganalo, tes de sere humildoso, que e lei de Deus.

—Sí, siñora, sí...

—Tes que rezar por quen che fixere ben e pol-a yalma dos seus difuntos.

—Sí, siñora, sí...

—Na feira de San Gundián, si logras xuntar pra elo, tes que mercarte unha capa de xuncos, que as chuvias son moitas.

—SÍ, siñora, sí...

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

A soedade do camiño fai mais tristeira aquela salmodia infantil, que semella un voto de humildade, de resignazón e de probeza feito ó escomezai a vida. A vella arrastra penosamente as zocas que choclean nas pedras do camiño, e salaia baix´o man-

telo que leva por riba da cabeza. O neto chora e trema de friaxe: vai vestido de farrapos; é un zagal albino, coás meixelas asoleadas e pecosas: leva trasquilada sobor da fronte, como un servo de outra edade, a guedella murcha e pálida, que lembra as barbas do maínzo.

No ceio lívido do amancer ainda tremelucen algunhas estrelas esmorecidas. Un golpe que ven fuxido da aldeia, atravesa correndo o sendeiro. Ouzase lonxano o oubeo dos cans e o canto dos galos...Paseniño o sol escomeza a doural-o cume dos montes: brila o orvallo sobor da herba, choutan e revoan arredor das álbres, con tímido aleteio, os páxaros novos que fuxen do niño por vez pirmeira; rín os regatos, marmulan as alboredas, e aquel camiño de verdecentes orelas, tristeiro e deserto, espértase como vello camiño de xeórxicas. Rebaños de ovellas suben pol-a faldra do monte; mulleres cantando voltan da fonte; un aldean de brancas guedellas aguilloa a xunta dos seus bois, que se deteñen triscando nos balados: e un vello petrucial dende longa distanza deixa ouír a sua voz.

—¿Vades pra feira de Barbanzón?

—Imos pra San Amedio, buscando amo pra o rapaz.

—¿Qué tempo ten?

—O tempo de ganalo. Nove anos fixo pol-o mes de Santiago.

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

Baixo aquel sol agarimoso que escintilea sobor dos montes, cruza pol-os camiños a xente das aldeias. Un chalán asoleado e rexo trata con ledo algueireo de esporas* e ferraduras; vellas labregas de Cela e de Lestrove van pra a feira con galiñas, con liño, con centeo. Alá, na fondonada, un zagal ergue os brazos e berra pra chamar as cabras que se galardeian subidas nos penedos. A aboa e o neto afástanse pra deixar paso ó siñore alcipreste de Lestrove, que se dirixe a predicar n-unha festa de aldeia:



—¡Santos e bos días nos día Deus!

O siñore alcipreste refrena a súa egua de andadura mansa e doutoral.

—¿Ides de feira?

—¡Os probes non temos que faguere na feira! Imos a San Amedio buscando amo pra o rapaz.

—¿Xa sabe a doutrina?

—Sabe, sí, siñore. A probeza non quita o sere cristiano.

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

N-unha lonxanía de brétama azul óllanse os cipreses de San Amedio ques se erguen arredor do santuario, mouros e pensantes, cós cururtos murchos, unxidos por un refrexo dourado e matinal. Na aldeia xa están abertas todal-as portas, e o fume indeciso e branco que sube dos fogares, esvaise na luz como salutazón de paz. A aboa e

* Erro de edición (aparece «esposas»)

o neto chegan ó adro. Sentado na porta, o cego pide esmola i-ergue ó ceio os ollos, que semellan duas ágatas branqueciñas.

—¡Santa Lucía vos conserve a amabre vista e saúde no mundo pra ganalo!... Deus otorguevos que donar e que ter!... ¡Saúde e sorte no mundo pra ganalo?... Tantas boas almas do Señor como pasan, non deixarán ó probe un ben de caridade!...

E o cego tende hacia o camiño a palma seca e amarilenta. A vella arrechégase có seu neto da man e murmula tristeiramente:

—¿Somos outros probes, irman!... Dixéronme que buscabas criado...



—Dixéronche verdade. Ao que tiña denantes fenderonlle a testa no romaxe de Santa Baia de Cela. Está que tolea...

—Eu veño có meu neto.

—Vés ven.

O cego estende os brazos apalpando no ar:

—Achegate, rapaz.

A aboa empuxa ó neno, que trema como unha ovella abraída e mansa, diante de aquel vello fosco, envolveito nun roto capote de soldado. A man amarela e pedichenta do cego pousase sobor dos hombros do neno, anda a tentas pol-as costas, corre ó longo das pernas.

—Cansaráste de camiñar coás alforxas ás costas?

—Non, siñore; estou afeito a iso.

—Pra enchelas hai que correr moitas portas. ¿Tí coñeces ben os camiños das aldeias?

—Onde non coneza, pregunto.

—Nos romaxes, cando eu bote unha cántiga, tí tes de responderme con outra. ¿Saberás?

—En adeprendendo, sí, siñore.

—Sere criado de cego é acomodo que moitos quixeran.

—Sí, siñore, sí.

—Posto que viñeches imos até o Pazo de Cela. Alí hai caridade. Niste paraxe non se recolle nin unha triste esmola.

O cego érguese arripiado pol-a friaxe e pousa a man no hombro do neno, que fita tristeiramente o longo camiño, e a campía verde e húmeda, que sorríe na paz da mañán, có caserío das aldeias espallado e os muiños lonxanos, desaparecendo baixo do emparrado das portas e as montanas azúes, e a neve nos cumes. Ao longo do camiño un zagal anda dobregado segando herba, e a vaca de tremecentes e rousadas ubres, rumiña con mansedume guindando o ronzal. O cego e o neno alónxanse paseniñamente, e a aboa murmula salaiante enxoitándose os ollos:

—¡Malpocadiño, nove anos e gaña o pan que come!... ¡Alabado sexa Deus!...

O MEDO

Conto por Valle Inclán

Ise longo e angurioso escalofrío que parece mensaxeiro da morte, o verdadeiro escalofrío do medo, solo o sentín unha vez. Foi fai moitos anos, naquel fermoso tempo dos maiorazgos, cando se faguía informazón da nobreza pra sere militar. Eu findaba de outer os cordóns de cabaleiro cadete. Houbera preferido entrare na Guardia da Reial Persoa, pro miña nai opoñíase e seguindo a tradición familiar fun granadeiro no Regimento do Rei. Non lembro con certeza os anos que fai, mais estonces apenas apuntábame o bozo, e hoxe ando perto de sere un vello caduco.

—Denantes d´entrare no Reximento , miña nai quixo botarme a sua beizón. A probe siñora vivía retirada no recuncho d´unha aldeia, onde estaba o noso pazo solariego, e alá fun sumiso e obedente. A mesma tarde que cheguei mandóu en busca do Prior de Brandeso pra que viñese a confesarme na capela do Pazo. As miñas irmáns María, Isabel e María Fernanda, qu´eran unhas nenas, baixaron a coller rosas o xardín, e a miña nai enchéu con elas os froleiros do altar. Despois chamoume en voz baixa pra donarme o seu devozonario e decirme que fixese ensamen de concenza.

—Vaite a tribua, meu fillo... alí acharaste mellor.


A tribua señorial estaba a beira do Evanxelio, e comunicaba coá biblioteca. A capela era húmeda, tenebrosa, resoante. Sobor do retabro campeaba o escudo concedido por executorias dos Reises Católicos ó siñore de Bradomín. Pedro Aguiar de Tor, chamado o «Chivo», e tamén o «Vello». Aquel cabaleiro estaba enterrado á dereita do altar; o cadaleito tiña a estatua ourante dun guerreiro.



A lampa do presbiterio alumeaba día e noite diante do retabro, labrada como xoiel de reises: os áureos racimos da vide evanxelica semellaban ofercerse carregados de froito. O santo tutelar era aquel piadoso Rei Mago que oferesceu mirra ó Neno Deus; á sua túnica de seda bordada de ouro, brilaba co resprandore devoto dun miragre ourental. A luz da lampa, antre as cadeas de prata, tiña tímido vóo de paxaro prisioeiro, como si se afanase por voare hacia o Santo.

Miña nai quixo que fosen as suas maus as que deixasen aquela tarde ós pes do Rei Mago os froleiros carregados de rosas, como ofrenda da sua yalma devota. Despois, acompañada das miñas irmáns,

axionllóuse diante do altar. Eu dende a tribua soiamente ouvía o murmulo da sua voz, que guiaba moribunda as avemarías; mais cando as nenas lles tocaba respondere, ouvia todal-as verbas rituais da ourazón!



O serán agonizaba e os rezos resoaban na silenzosa oscuridade da capela, fondos, tristeiros e augustos, como un eco da Pasión. Eu adormeciame na tribua. As nenas foron a sentarse nas gradas do altar; os seus vestidos eran albos, como o liño dos panos litúrxicos. Eu soio distinguía unha soma que rezaba baixo a lampa do presbiterio; era a miña nai; sostiña antre as suas maus un libro aberto e leia coá testa incrinada. De tarde en tarde, o vento abaneaba a cortina d´unha outa fenestra; eu entonces ollaba no ceio, xa ouscuro, a faciana da lua, pálida e sobornatural como unha deusa que ten o seu altar nos bosques e nos lagos...

Miña nai pechóu o libro donando un salaio, e de novo chamóu as nenas. Ollei pasare as suas somas brancas a través do presbiterio e columbrei que se axionllaban ás beiras da miña nai. A luz da lampa tremaba con un déble resplandor sobor das maus, que voltaban a sostere aberto o libro. No silenzo, a voz leía, piadosa e lenta. As nenas escoitaban, e adiviñei as suas cabeleiras ceibes sobor da albura do ropaxe, e caendo ás beiras da faciana iguales, tristeiras e nazarenas. Adormecérame e de súpeto abraíaronme os berros das miñas irmáns. Ollei e fiteinas no medio do presbiterio abrazadas a miña nai. Berraban arripiadas.

A miña nai colleunas da man e fuxiron as tres. Baixei de presa. Iba a seguirlas, e fiquei abraido de terror. No cadaleito do guerreiro entrechocábanse os hosos do esqueleto. Os cabelos alporizáronse na miña fronte. A capela ficara no maior silenzo e ouviase craramente o medroso e oco rolar da calaveira sobor da sua almofada de pedra.Tiven medo como o non tiven endexamais, pro non quixen que a miña nai e as miñas irmáns me coidasen cobarde, e permanecín inmóvil no medio do presbiterio, cos ollos fixos na porta entreaberta. A luz da lampa tremaba. N-o outo abaneábase a cortina d´unha fenestra, e as núvens pasaban sobor da lua, e as estrelas alcendíanse e apagábanse como as nosas vidas. De súpeto, alá lonxe, resoóu festivo ladrar de cans e música de cascabeles. Unha voz grave i-ecresiástica chamaba:

—¡Eiquí, Carabel! ¡Eiquí, Capitán!...

E o Prior de Brandeso, precedido dos seus lebreles aparesceu na porta da capela.

—¿Qué siñore granadeiro do Rei?

Eu repuxen coá voz afogada:

—¡Siñore Prior, ouvín tremal-o esqueleto dentro do cadaleito!...

O Prior atravesou paseniñamente a capela. Era home garrido i-ergueito. Nos seus anos xuvenís tamén fora granadeiro do Rei. Chegóu até min, sin recoller o voo dos seus hábitos brancos, e pousándome unha man no hombro e fitándome a faciana descoorida, pronuncióu gravemente:

—¡Qué endexamais poida decire o Prior de Brandeso que ollou tremare a un granadeiro do Rei!...

Non erguéu a man do meu hombro e ficamos inmoveis, fitándonos sin falarnos. N-aquel silenzo ouvimos rolar a calaveira do guerreiro. A man do Prior non tremóu. A nosa beira os cans endereitaban as orellas có pescozo espeluznado. De novo ouvímos rolar a calaveira sobor da sua almofada de pedra. O Prior sacudeume:

—¡Siñore granadeiro do Rei, temos que sabere si son trasnos ou meigas!...

E acercouse o cadaleito, e aséu as duas anelas de bronce empotradas n´unha das lousas, aquela que tiña o epitafio. Arrechegueime tremando. O Prior fitoume sin despegal-os beizos. Eu puxen a miña mau sobor da sua n´unha anela e tirei. Mainamente erguimol-a pedra. Un hoco mouro e frío ficóu diante de nosoutros. Eu ollei que a ispida e amarelenta calaveira ainda se movia. O Prior alargou un brazo dentro do cadaleito pra collela. Despois, sin unha verba e si un xesto, entregouma. Recibinna tremando. Eu estaba no medio do presbiterio, e a luz da lampa caía sobor da miñas mans. Ao fixal-os ollos, sacudinna con horror. Tiña antre elas un niño de cóbregas que se desanelaron asubiando, antramentras a calaveira rolaba con hoco e liviano son, todal-as gradas do presbiterio. O Prior ollábame cós seus ollos de guerreiro, que lostregueaban baixo da capucha, como baixo a viseira dun casco.

—Siñore granadeiro do Reí, non hai ausoluzón... ¡Eu non ausolvo os cobardes!

E saleu da capela arrastrando os seus hábitos talares. As verbas do Prior de Brandeso resoaron moito tempo nos meus ouidos. Ainda resoan. ¡Tal vez por elas, soupen mais tarde sorrire á morte como a unha muller!...

UN CABECILLA

Conto por Valle-Inclán

De aquel muiñeiro vello e silenzoso que me sirveu de guía para visitar as pedras célticas do monte Rouriz gardo unha lembranza dura, fría e cortante como a neve que coroaba o cume. Cicais mais que as suas faucións, que semellaban talladas en durísimo granito, a sua historia tráxica fixo que con tal enerxía ficáseme no pensamento aquela faciana tabacosa que apenas se diferenciaba do pano da monteira. Si pecho os ollos coido fitalo. Era mozo, seco e forte, como o tronco d´unha vide patriarcal; os mechons grises e demedrados da sua barba lembrabam íses lixos de musgo que amostran nas ocacidades dos pómulos as estatuas dos cláustros desguarnidos; os seus beizos de corcho plegábanse con austeira indifrenza; tiña un perfil inmóvil e pensante, unha testa inespresiva de releve exipcio. ¡Non, non-o esquecerei endexamáis!

Fora un terribel guerrilleiro. Cando a primeira guerra civil, botóuse ó campo

cós seus cinco fillos, é en poucos días logrou levantar unha gavilla de xente rexa e disposta a batil-o cobre. Algunhas veces fiaba o mando da partida ó seu fillo Xoan María e internábase na montaña, seguro, como lobo que ten n´ela o seu cubil. Cando menos se lle agardaba, reaparecía carregado coa sua escopeta chea de ataduras e remendos, traguendo na sua compaña algún mozo aldeán de aspeuto torpe e abraiadento que, de forza ou de grado, viña a engrosal-as fias. A ida e á volta, adoitaba a recaere pol-o muíño pra enteirarse de como iban as «familias», que eran os netos, e das pedras que moían.

Certa tarde de vrau chegóu e hachouno todo en desorde. Atada a un poste da parra, a muiñeira desditábase e chamaba inútilmente ós seus netos, que fuxiran á aldeia; o galgo aullaba, con unha pata maltreita no ar; a porta hachabase esnaquizada a culatazos, o gran e a fariña alfombraban o chán; sobor da artesa olllábanse aínda farangullas do xantar interrumpido, e no corral a vella hucha de castiñeiro revolta e destripada... O cabecilla contempraba aquel desastre sin proferir unha queixa. Despois de ben enteirarse, acercouse a sua muller murmulando con aquela voz desentoada e caótica de vello xordo.



—¿A qué hora viñeron os civíes? ¿Cántos eran? ¿Qué lles dixeches?

A muiñeira saloucou máis forte. En vez de contestare, desatouse en aldraxes contra aqueles enemigos malos que tan gran déstrozo faguían na casa dun probe que con ninguén do mundo se metía. O marido fitouna cós seus ollos cobrizos de galego desconfiado.

—¡Ai, demo! ¡Non eres ti a gran condenada que a min me engana! Ti dixécheslles onde está a partida.

Ela seguía chorando sin consolo.

—Arrepara, home, de que feitura ises verdugos de Xerusalem me puxeron! ¡Atada mesmamente como o Noso Siñore!

O guerrilleiro repiteu, abaneando furioso a escopeta:

—¡A ver como respondes! ¿Qué lles dixeches?

—Pro consideira, home!...

Calou, donando un gran salaio, sin afoutárese a continuare, tanto a imponía a faciana enrugada do vello. El non voltóu a insistire. Sacóu o coitelo, e cando ela coidaba que iba a matala, cortóu as ligaduras, e sin proferire unha verba, empu-

xouna obrigándoa a que o seguise. A muiñeira non cesaba de salaiar.

—¡Ai! ¡Fillos das miñas entrañas! ¿Por qué me non deixaría queimar en unhas parrillas denantes de decir onde estábades? Vos, como soles. Eu, unha vella cós pes pr´a cova. Percisaba de camiñar mil anos pelegrinando por camiños e melros para ter perdón de Deus. ¡Ai meus fillos! ¡Meus fillos!

A probe muller camiñaba anguriada, enredadol-os toscos dedos de labrega na mata cincenta dos seus cabellos. Si se detiña mesándoos e saloucando, o marido, cada vez máis sobriso, empuxabaa coá culata da escopeta, mais sin brusquedade, sin xenreira, como á vaca mansísima nada na propia cadra, que por acaso cerdea. Saíron dá aira aburada pol-o sol de un día de Agosto, e despois de atravesaren os prados do Pazo de Melías internáronse no fondo sendeiro da montana, tan fresco coás suas humedades de cova, tan vizoso coás suas sebas de frolido sauco, tan ateigado de ledos surtos coás suas pesadeiras ballarinas, tan ameazador coás suas revoltas i-encrucicixadas, tan tráxico coás suas cruces mouras, que lembram algún sanguento suceso, e tan vello, tan vello que até nas laxas tan imprentadas as siñales dos carros, sulcos cheos de auga revolta, que semellan enrugas da edade labradas século trais século na trocha sobrisa, granítica e salvaxe.

Andiveron sin deterse até chegare a unha revolta onde s´erguía un retabro de ánimas. O cabecilla encaramouse sobor dun bardal e fitou receloso canto de alí abranguía a ollarse do camiño. Amartelóu a escopeta, e trais de asegurare o-pistón, santiguouse con lentitude respeitosa de cristiano vello.

—Sabela, axiónllate xunto ó retabro das almas benditas.

A muller obedeceu tremando.

—Encoméndate a Deus, Sabela.

—¡Ai, home non me mates! ¡Agarda tan siquera a saber si aquelas prendas padeceron algún mal!

O guerrilleiro pasouse a man pol-os ollos, logo despenduróu do cinto o crásico rosario de doas de madeira, con engaste de arامiño dourado e deullo á vella, que o recibeu solouzando. Asegurouse mellor sobor do bardal, e marmulóu austeiro:

—Está bendito pol-o siñore bispo de Ourense, con indulxenza para a hora da morte .

El mesmo púxose a rezar con monótono e frío visviseo. De tempo en tempo botaba unha inqueda ollada ó camiño. A muiñeira foise pouco a pouco sereando. No venerabel sulco das suas enrugas ficaban tremecentes as bágoas; as suas mans exitadas por tremor senil, faguían oscilare a cruz e as medallas do rosario; incrinouse golpeando o peito e bicou a térra con unción.

—¿Remataches?

Ela xuntóu as mans con eisaltazón cristiana.

—Fáigase, Xesús, a tua diviña vountade!

Mais cando ollóu ó terribel vello botárese a carabina á cara a apuntar, ergueuse arripiada e corréu hacia él cós brazos abertos.

—¡Non me mates! ¡Non me mates pol-a yalma del...

Sonóu o tiro, e caeu en medio do camiño coá fronte furada.

O cabecilla alzóu da areia ensanguentada o seu rosario de faucioso, bicóu o crucifixo de bronce, e sin deterse a carregal-a escopeta, fuxéu en direzón da montana.

Ollara faguía un momento no outo da trocha, os tricornios enfundados de dous guardias civiles.

Confeso que cando o bon Urbino Pimentel contoume ista historia terribel, tremei lembrando a maneira d´abondo eispresiva con que despedía na Venta de Brandeso ó antigo faucioso, farto de acatare e vountade solapada e granítica de aquela esfinxe tallada en vello e lucidio carballo.



Nota: As ilustracións utilizadas nestes textos, proceden da edición de 1903 de *Jardín umbrío,* que se atopa na Real Academia Galega.



VALLE-INCLÁN E A «SOCIEDAD DE LOS AMIGOS DE GALICIA»

Xoán Guitián

No ano 1925 don Ramón Mª del Valle-Inclán vive en Galicia, concretamente na Pobra do Caramiñal. Aquí leva xa varios anos, aquí naceron varios dos seus fillos e aquí ten establecidas intensas relacións cun círculo de amizades, algunhas delas relacionadas co mundo cultural e intelectual do país. Estas relacións galegas non lle impiden a don Ramón manter os seus contactos cos ambientes culturais e artísticos de Madrid, cidade á que viaxa con frecuencia desde Galicia para atender asuntos relacionados coa edición das súas obras, representacións teatrais, etc.

Neste contexto aparece publicado no xornal *Galicia* de Vigo correspondente ao día 9 de febreiro de 1925 un artigo asinado por Gerardo Gasset Neyra, amigo pobrense de Valle-Inclán, no que o autor relata unha longa conversa mantida co escritor sobre a situación galega[1]. No decurso desa conversa don Ramón expresa o seu escepticismo en relación co movemento e as iniciativas orientadas á defensa dos dereitos de Galicia que naqueles anos se viñan desenvolvendo no país. Fronte ás afirmacións de Gasset verbo da existencia dun ambiente rexionalista avanzado e dun movemento literario da mesma tendencia, Valle-Inclán afirma: «No estoy conforme con Usted. Creo que no hay nada».

Toda a primeira metade do artigo de Gasset ofrece a imaxe dun Valle-Inclán desencantado coa situación de Galicia e as súas perspectivas de futuro, pero pouco máis adiante é o propio don Ramón quen introduce no discurso algúns trazos esperanzadores. Así, referíndose ás opinións de Gasset, afirma:

> «Y sin embargo, esas débiles fuerzas que a Usted se le antojaban tan grandes y capaces, esa pobre literatura y ese sentimiento regional instintivo y en mantillas, tiene un valor, porque ningún movimiento de opinión se produce en balde.
>
> Y ese mismo sentimiento que a Usted le llevaba hasta la ilusión y que con Usted compartirán muchos jóvenes de Galicia es muy de tener en cuenta por su calidad de índice. El sentir de la juventud, siempre altruista, indica la realidad política del futuro. Por eso suele desempeñar un papel de constante oposición a lo constituido».

Na mesma liña, Valle-Inclán afirma máis adiante:

> «En resumen, yo creo que hoy por hoy, no hay un verdadero y definido sentido regional, pero si una aspiración libre y difusa.
>
> Todavía estamos en el momento de predicar la primera cruzada, la cruzada del entusiasmo».

O artigo rematará con parágrafos de ton máis pesimista nos que se recollen críticas de don Ramón ó movemento existente en Galicia, ao que cualifica despectivamente

[1] GASSET NEYRA, G.: «La profecía de don Ramón» en *Galicia*, 475 (9 de febreiro de 1924)

como «regionalismo de juegos florales», pero malia ese pesimismo final é evidente que non hai nas opinións verquidas por don Ramón ó longo da conversa hostilidade contra a idea rexionalista e si unha certa visión esperanzada do futuro. Frases como «el sentir de la juventud (...) indica la realidad política del futuro» ou «todavía estamos a tiempo de predicar la primera cruzada, la cruzada del entusiasmo» son ben claras ao respecto. O que se pode apreciar nas opinións de don Ramón é unha dura crítica, non tanto ás ideas rexionalistas en si mesmas, como á práctica desenvolvida ata entón polos rexionalistas galegos, unha actividade que en opinión do escritor carecería de peso e valor reais.

A INICIATIVA DE MONDARIZ

O artigo que vimos de comentar serve como introducción para mellor situar no seu contexto o asunto central do noso traballo: nos días finais do verán de 1925 ten lugar en Mondariz a constitución da «Sociedad de los Amigos de Galicia». Certamente, a creación dunha sociedade preocupada polos problemas de Galicia non debería constituír, na Galicia daqueles anos especialmente rica en iniciativas rexionalistas, unha nova de especial interese, pero a creación da sociedade á que nos referimos adquire ese carácter excepcional en virtude das personalidades que a promoven.

A finais do verán de 1925 Ramón del Valle-Inclán visita o balneario de Mondariz. A noticia da presencia de Valle-Inclán en Mondariz é recollida pola revista da propia estación balnearia, *La temporada en Mondariz*, no seu número correspondente ao domingo 30 de agosto de 1925[2]. Na portada deste número aparece unha fotografía de Valle-Inclán sentado nun banco do xardín do balneario na compaña de outras catro persoas das que non se revela a identidade. O pé de foto aporta xa as primeiras informacións de interese sobre esta visita:



Victoriano García Martí.

> «En la última semana nos honró con su visita, permaneciendo entre nosotros desde el día 24 al 27, el egregio escritor don Ramón del Valle-Inclán.- El gran don Ramón realizó aquí uno de sus frecuentes milagros: detener el curso de las horas en que su palabra de maravilla cayó sobre las almas en lluvia luminosa y fecundante, generando la emoción. -Le acompañó en su visita nuestro buen amigo el conocido publicista don Victoriano García Martí».

A mesma fotografía foi reproducida máis recentemente en numerosas publicacións, entre elas no libro *Galicia: o oficio de vivir*, da autoría de Gonzalo Allegue[3].

[2] *La temporada en Mondariz*. Ano XXXVII, 13 (30 de agosto de 1925)

[3] ALLEGUE, G.: *Galicia: o oficio de vivir. A terra*. Vigo: Nigra, 1991, p. 132

Nada nos di a revista de Mondariz das actividades desenvolvidas no balneario por Valle-Inclán, polo que, en principio, habería que pensar nunha estancia ordinaria de repouso como as de tantos concorrentes ao establecemento balneario, pero o día 17 de setembro de 1925 aparece no xornal *La Voz de Galicia* de A Coruña unha columna titulada «Una iniciativa. Los amigos de Galicia»[4] facéndose eco da publicación no madrileño diario *La Voz* dun artigo asinado por Victoriano García Martí. O intelectual pobrense dá conta nese xornal de Madrid da constitución en Mondariz da «Sociedad de los Amigos de Galicia», froito duna iniciativa promovida por Enrique Peinador, Ramón Cabanillas, Ramón del Valle-Inclán e o propio García Martí.

La Voz de Galicia recolle, como dicimos, o artigo publicado en Madrid por García Martí, pero engádelle algúns comentarios. Nun dos parágrafos iniciais do artigo de *La Voz de Galicia* cualifícase aos promotores da iniciativa de Mondariz de «personalidades de tanto relieve y galleguismo tan probado», pasando de seguido a reproducir algunhas liñas do texto publicado días antes por don Victoriano en Madrid, texto que contén interesante información sobre a devandita «Sociedad».

Segundo García Martí, «trátase de crear la Sociedad de los Amigos de Galicia, que no tendría carácter político ni siquiera de exclusivismo, porque se admitirán en ella a cuantos sin ser hijos de esta tierra sean devotos de ella». En relación coas finalidades da sociedade, don Victoriano menciona expresamente «hacer un inventario de nuestros tesoros artísticos y, de ser posible, un museo de nuestras cosas viejas. Además propone patrocinar el estudio documentado de nuestros archivos».


Estamos, xa que logo, diante dunha iniciativa de carácter cultural que ten por obxectivo a defensa do noso patrimonio entendido nun senso amplo nas súas vertentes historico-artística, museística e documental. Sobre a paternidade da idea nada definitivo aporta o texto de García Martí, limitándose a expresións vagas como «surge entre nosotros una admirable iniciativa» ou «He aquí la importante iniciativa que al contemplar esa maravillosa obra de Mondariz se nos ocurre a un grupo de amigos que aquí coincidimos».

Na nosa opinión, non se pode deducir do contido do texto de García Martí reproducido en *La Voz de Galicia* a existencia dunha tertulia máis ou menos estable en Mondariz coa participación das devanditas personalidades. Coñecemos pola nota publicada en *La temporada en Mondariz* citada en páxinas anteriores o dato de que Valle-Inclán permaneceu no balneario entre os días 24 e 27 de agosto de 1925, breve estancia que García Martí cualifica como «excursión».

Pero o xornal coruñés non se limita na súa columna do día 17 de setembro a reproducir o texto de García Martí senón que aproveita para engadir varios parágrafos con comentarios sobre a iniciativa:

> «Lo transcripto basta para que los lectores se den cuenta del alcance e importancia de la iniciativa y de su amplio espíritu, tan lejos de los exclusivismos que han malogrado con su estrechez de miras no pocos movimientos que pudieron ser beneficiosos para Galicia. El nombre de Cabanillas adscrito a esta idea debe ser —suponemos— garantía suficiente para los "ortodoxos" del galleguismo y los de Valle-Inclán, García Martí y Peinador habran de serlo también para los que pudieran temer que la nueva entidad siguiera derroteros que la práctica ha demostrado ser equivocados.
>
> Si a ello se añade que la nueva entidad ha de perseguir finalidades concretas y positivas, como las apuntadas y otras que irán surgiendo, será obvio decir que cuantos amamos a Galicia hemos de secundar la afortunada iniciativa, cooperar a su mejor éxito y alistarnos en las filas de una asociación de tan bastas miras y de tan amplio espíritu que para pertene-

[4] «Una iniciativa. Los amigos de Galicia», en *La Voz de Galicia* (17 de setembro de 1925), p. 2



Reunión en Mondaríz no verán de 1925. De esquerda a dereita, Vicente Riestra, Enrique Peinador, Ramón de Valle-Inclán, Ramón Cabanillas e Victoriano García Martí.

cer a ella no es preciso ostentar otro título que el de querer a la tierra gallega con cariño entrañable».

Cómpre chamar a atención sobre o feito de que o redactor de *La Voz de Galicia* considere, no primeiro parágrafo, a Cabanillas e Peinador como garantes de dúas concepcións opostas do galeguismo, situando ao poeta de Cambados na liña do galeguismo ortodoxo e a Peinador nunca tendencia oposta e pouco definida, de par de García Martí e Valle-Inclán.


Un día despois da publicación deste artigo en *La Voz de Galicia*, publícase outro en El *Faro de Vigo* titulado «Una iniciativa. La Sociedad de los Amigos de Galicia»[5] no que se transcribe textualmente o artigo publicado en *La Voz de Galicia*, pero suprimindo os parágrafos finais de comentarios.

Neses parágrafos o columnista de *La Voz de Galicia* evitaba a mención expresa das persoas ou organizacións ás que ían dirixidas expresións críticas como «amplio espíritu tan lejos de los exclusivismos», «estrecheces de miras» ou «derroteros que la práctica ha demostrado ser equivocados», pero a alusión ao galeguismo político do momento era moi evidente. Así o entenderon os propios galeguistas que a través do seu voceiro *A Nosa Terra* recolleron tamén a nova da constitución da Sociedad de los Amigos de Galicia en Mondariz e aproveitaron a ocasión para responder aos comentarios de *La Voz de Galicia*[6].

«Se permite —di *A Nosa Terra* referíndose a *La Voz de Galicia*— facer unhas direitas alusiós que por estar tan craras non é preciso cavilar moito para ver a quen van dirixidas».

5 «Una iniciativa. La Sociedad de los Amigos de Galicia», en el *Faro de Vigo* (18 de setembro de 1925), p. 8

6 «Os Amigos de Galicia», en *A Nosa Terra*, Ano IX, 217 (1 de outono de 1925), p. 11.



Ramón Cabanillas. Debuxo de Castelao.

A publicación galeguista recoñece de seguido que a presencia de Cabanillas e Peinador é para eles garantía de que «a nova agrupación non será un cursi botafumeiro da Galicia meiga, da rula viuda, da pequena patria», pero evita pronunciarse sobre a presencia dos demais participantes alegando que «non é este o momento adecuado para facer un estado comparativo entre un e outro galeguismo». O artigo de *A Nosa Terra* remata dicindo «Excusado é decir que nós, dende o noso posto diáfano e ben determinado, estamos d'acordo coa idea e prestaremos a ela a nosa axuda».

Véxase como para *A Nosa Terra* a presencia de Peinador merece unha lectura moi diferente da ofrecida por *La Voz de Galicia*, xa que agora don Enrique aparece, con Ramón Cabanillas, como garante da vontade galeguista da iniciativa.

OS PROTAGONISTAS

Faciamos referencia en páxinas anteriores á fotografía na que aparece Valle-Inclán no xardín de Mondariz acompañado por outras catro persoas, fotografía que, sen dúbida, corresponde aos días da constitución da Sociedad de los Amigos de Galicia. Quizais conveña deterse un intre para situar ás persoas retratadas nesa fotografía.

Un dos fotografados é Enrique Peinador Lines (Pontevedra, 1876 - Vigo, 1940). Enrique era un dos fillos de don Enrique Peinador y Vela, fundador e propietario do balneario de Mondariz. Peinador Lines, responsable do balneario e do Gran Hotel e dono duna gran fortuna persoal, converteuse nun verdadeiro mecenas patrocinando actividades artísticas e culturais, nomeadamente aquelas de orientación galeguista. En *A Nosa Terra*, voceiro dese movemento, son continuas a referencias eloxiosas a Enrique Peinador e a súa familia, gabando a súa xenerosidade e patriotismo. Vexamos un exemplo:

> «O vello don Enrique Peinador, xa finado, foi fundador d'unha aristocracia nova, a que se fixo carne nos seus fillos e que compre grabar e siñalar a tódol-os bos galegos. Y-estes fillos cultos, simpáticos, amabres, mundanos, cheios d'amor á Terra, fan por ela sen cansanzo nen acougo, o que non fixeron os políticos i-os ricos nados na Galiza».[7]

Outro dos participantes na iniciativa é Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959). Non resulta estraña a presencia na iniciativa de Mondariz de Cabanillas, o chamado Poeta da Raza. Gran amigo de Peinador e visitante asiduo do balneario, a súa relación con Mondariz é comentada por Francisco Rodríguez coas seguintes palabras:

[7] RODRIGUEZ SÁNCHEZ, F.: «O Mariscal, un modelo de redención» en «Ramón Cabanillas, camiño adiante», *A Nosa Terra*. *A Nosa Cultura*, 10, Vigo (s.d.), p. 28, nota 14.

«Velaí o papel xogado pola familia Peinador tanto en xeral como en relación específica ou particular con Cabanillas. O balneario de Mondariz convertiu-se en centro de actividades galeguistas»[8].

Mostra da relación estreita de Cabanillas con Mondariz e co seu propietario Enrique Peinador é o feito de que o ingreso do poeta na Real Academia Galega tivese lugar nun solemne acto celebrado na estación balnearia en 1920. Foi esta a primeira ocasión na que a Academia celebrou sesión fora da súa sede, un acto solemne no que ingresou tamén na docta institución o poeta Rey Soto. Nese mesmo ano 1920 Cabanillas asina no Álbum de Honor do balneario acompañando a sinatura cun pequeno poema.[9] Será tamén en Mondariz onde se editen, baixo o mecenado de Peinador, varias das obras do poeta. É o caso de *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927) e *Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal* (1930).

O terceiro dos participantes no encontro de Mondariz presenta algunhas dificultades de identificación. Para algúns estudiosos trataríase de Armando Cotarelo Valledor, mentres para outros sería Vicente Riestra Calderón. *A Nosa Terra* é única publicación, de entre as que nos pasados anos recolleron a fotografía, que ofrece nomes e apelidos dos fotografados, e identifica ao personaxe sentado á esquerda como Vicente Riestra, identificación que compartimos.

Do interese do propio Ramón del Valle-Inclán polo cine, ó que adoitaba asistir, quedáronnos algunhas referencias e declaracións; son abondo coñecidas, mais non por iso podemos deixar de lembralas. De todas elas, salienta pola súa exaltación entusiástica, a seguinte, do ano 1928: «Ese es el Teatro nuevo, moderno. La visualidad. Más de los sentidos corporales: pero es arte. Un nuevo Arte. El nuevo arte plástico. Belleza viva» (1994: 402). Se aquí destaca os aspectos plásticos, a súa dinamicidade en relación co teatro queda reflexada en outra opinión, agora de 1933: «Y entonces habrá que hacer un teatro sin relatos, ni únicos decorados; que siga el ejemplo del cine actual que, sin palabras y sin tono, únicamente valiéndose del dinamismo y la variedad de imágenes, de escenarios, ha sabido triunfar en todo el mundo» (1994: 596). Non debemos esquecer, sen embargo, que a esta declaración precedía unha afirmación contundente («En el



«Ligazón». Teatro del Principe (1982). Director: Luis Iturri.

teatro todo es literatura»), e que convén ter presente en todo momento, malia a aparente contradicción que pode haber con outra: «Todo el teatro es creación plástica. La literatura es secundaria», *ib*.: 585.

Verbo da relación directa de Valle-Inclán co cinema cómpre referir a súa intervención como actor no filme *La malcasada*, unha biografía do toureiro Rodolfo Gaona, que consistía nunha adaptación do teatro. Nela, xunto con Valle, interviron diversos personaxes famosos da época. Temos, así mesmo, constancia de que o escritor estivo en negociacións coa productora norteamericana Warner para levar as *Comedias bárbaras* ó cinematógrafo.

Non queremos deixar de lembrar os vencellos de Valle coas artes plásticas, que el relacionaba tan intimamente co cinema, como xa sinalou en 1922. Ademais, foi catedrático de Estética na Escola de Bellas Artes e director da Academia Española en Roma; tamén fixo crítica de arte e mantivo relación con diversos artistas: Julio Romero de Torres, Baroja, Maside, etc.

Sobre as opinións de Valle e o interese que a nova arte nel despertou, creo que non se pode deducir que estaba a utilizar no seu teatro elementos de fasquía cinematográfica. O seu valor, polo demais, sería meramente testemuñal, xa que opinións desa índole só se poden extraer do estudio riguroso da súa obra. Tódolos traballos sobre estes aspectos, algúns xa referidos, existentes deica este momento ofrecen un indubidábel interese, que non pretendo cuestionar nin rebatir, aínda que si, dalgún xeito, relativizar a énfase que, en xeral, a maioría deles poñen nunha excesiva intermedialidade cinematográfica na obra dramática de Valle. Ímonos axudar para o noso propósito dun percorrido polo último teatro deste autor, isto é, o contido en *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*. Recolleu Valle neste libro, publicado en 1930, catro pezas curtas (*Ligazón, La rosa de papel, La cabeza del Bautista e Sacrilegio*), todas elas escritas a me-

diados da década dos vinte (1924-27), cando a linguaxe do cine mudo acadara total madurez e desenvolvemento. Complétase o volume con *El embrujado*, editada moito antes, en 1913, e que aquí, polo tanto, non imos considerar.

Como punto de partida, debemos ter en conta a definición que, de maneira esquemática, deu o propio de Valle do cine mudo: «Pudiéramos decir que la pantalla es lo plástico animado en donde el movimiento y el color son los dos únicos componentes» (1994: 219). O cinema, xa que logo, era para el a plasticidade, isto é, a capacidade expresiva e comunicativa das imaxes, o factor predominante. Pero esta mesma cualidade pódese apreciar en toda a obra de Valle, incluíndo as súas primeiras achegas, e xa foi salientada por estudiosos e críticos da súa obra. Non deben estrañar, pois, as concomitancias entre a súa literatura e o cine mudo, que consideraba, de maneira sintética e á volta de 1922, como xa vimos, como «movemento e máis cor», co cal pretendía deixar ben patente un dos fundamentos da estética platónica: o sentido da vista.

Non obstante, a énfase na plasticidade, na metáfora visual, que se pode detectar en Valle non procede, ó meu modo de ver, do cine, senón de toda unha tradición literaria e plástica, tradición que acada unha especial relevo no movemento simbolista, cando se concibe o teatro como un cadro animado e se potencia a simboloxía da imaxe, pero tamén da palabra (e, polo tanto, do silencio). As interinfluencias artísticas viñan daquela poñéndose en evidencia; reforzáranse e amplificáranse a partir dunha maior liberdade expresiva que propiciara o Romanticismo.

Reparemos, xa que logo, a continuación, nos aspectos plásticos da prosa de Valle do seu teatro último, que manteñen unha suposta intermedialidade co cinema mudo.

Un dos elementos fundamentais constitutivos da expresión visual é o que atañe ó tratamento lumínico. Procura Valle, case sempre, o seu uso a xeito de contraste de luces e sombras, ambas propiciadoras dunha atmosfera, e portadoras con frecuencia de valor simbólico. As siluetas dos seus autos, recortadas sobre intensas áreas de luz, recordan inevitablemente ás sombras chinesas, antecedentes do cinematógrafo. Así, por exemplo, *Ligazón* desenvólvese de noite, baixo a luz do luar, unha luz difusa e de natureza cósmica, en oposición á luz artificial que procede do interior do «ventorrillo». Xa na primeira acoutación o autor encárgase de establecer esta contraposición, ó mesmo tempo que describe o espazo no que vai ter lugar a escena a base de claroscuros:

> Claro de luna. El ventorrillo calca el recuadro luminoso de su puerta, en la tiniebla del emparrado. A la vera del tapial la luna se espeja en las aguas del dornil donde abrevan las yuntas. Sobre la puerta iluminada se perfila la sombra de una mozuela (p. 1097).

Luces e sombras, pois, que conforman espazo e tempo dramáticos, fusión cronotópica de intensa cosmicidade e fondo telurismo, no que se incide aínda a continuación: «Mira al campillo de céspedes, radiados con una estrella de senderos» (ib.). O contraste lumínico acentuará a antinominia que se vai establecer entre vida e morte (ou se se prefire, entre Eros e Tánatos). Unha serie de isotopías potenciará ó longo da obra estes polos do eixe temático en correspondencia fónico-semántica coas coordenadas cronotópicas presentadas visualmente.

La rosa de papel, sen embargo, desenvólvese no interior sórdido e claustrofóbico dunha cachoupa de ferreiro, na cal na segunda parte, a luz das velas sustitúe ó fulgor da fragua, lume de Vulcano que se pon de manifesto dende o comezo coa viveza expresiva de elemento primixenio, de capital importancia no final da obra, reforzado polo seu simbolismo, e mais o da rosa de papel, co que está estreitamente vencellado, como tamén o está o da luz que provén do cirio:

> Las luces de cera, con versátiles fulgores, acentúan el perfil inmóvil, depurado, casi

translúcido: En el crispado enclavamiento de las manos, la rosa de papel se enciende como una llama (p. 1125).

A mirada de Valle fainos centrar a atención, suxerindo un primeiro plano ou incluso un plano-detalle, no que a cor da rosa se converte metaforicamente en lume, imaxe que salienta poderosamente polo seu efectismo plástico e que acentúa enormemente a anticipación do final: «Cae una velilla, y en las manos de marfil arde la rosa de papel como una rosa de fuego» (p. 1127). A metáfora, a base de contrastes de luz e cor do artificial e o natural, adquire unha relevancia e unha potencia visual, na tenebrosa e mórbida atmosfera, dificilmente igualábel. Muda o espazo ó mudar a luz, que medra a medida que arrecia o lume ata que «toda la fragua tiene un reflejo de incendio» (ib.).

Contraste de luces e sombras («a la luz melodramática del acetileno», p. 1175)) salientan tamén na configuración do clima espacial de *La cabeza del Bautista*. Ten lugar no interior dun café de billares, espazo dende o que se pon de manifesto outro exterior (extraescena) de «Noche de estrellas con guitarras y cantares» (ib.). Os efectos de luz adoptan algunhas veces tintes de cor («el guiño verdoso de las caras bajo el mechero de la luz» p. 1177, «espectro amarillo de Don Igi», p. 1188), outras enfatiza fulgores como «el azadón que brilla a la luna» (p. 1184), «el resplandor del facón» (p. 1198), «brillo de metal» (p. 1186), e outras os corpos desaparecen na escuridade das sombras a maneira dun fundido: «Con las manos en las caderas cruza el ámbito oscuro de los billares» (p. 1185).

Todos estes efectos continúan no «auto para siluetas» *Sacrilegio*, que se desenvolve no interior dunha cova. Resalta aquí tamén o carácter tenebrista do espazo, que o autor salfire de luces coloreadas e metafóricas. Xa dende o comezo, por medio da acoutación, sinala que entre os bandoleiros se produce

Sorda disputa que alumbra una tea con negro y rojo tumulto: Las cristalinas arcadas se atorbellinan de maravillosos reflejos y el esmalte de una charca azul tiene ráfagas de sangre. A la boca del sésamo, con el oído en la tierra, vigila una sombra. En la fábula de luces acciona y gesticula el ruedo moreno de los caballistas. Sobre el límite de la charca, el bulto de un hombre se acerca bordeando el añil esmalte estremecido de tornasoles. Se rebela tras el ojo de una linterna. Diluvio de iris cae de las cristalinas arcadas sobre el oscuro ruedo (p. 1193).

Por se non fose suficiente a orquestación sinfónica de luces e cores que o autor emprega ó comezo da obra, aínda pouco despois, un personaxe, El Padre Veritas, «bate el yesquero», o cal modifica e enfatiza os distintos efectos. Pero se o tratamento espacial por medio de luces, sombras e cores denota, xa no comezo, un enorme sentido da plasticidade, non o é menos o que se advirte na acoutación que pecha a peza, final xa contido no principio de maneira implícita e premonitoria e igualmente, como acontece en *Ligazón*, con reduplicación especular:

El Capitán se había echado el retaco a la cara. Queda destacado en el pasmo de la oscura rueda. Un fogonazo. El Sordo de Triana dobla la cabeza sobre el hombro, con un viraje de cristobeta. El trueno de la pólvora retumba en la cueva. El humo oscurece las figuras atónitas sobre el espejo de la charca (p. 1203).

En toda esta potencia expresiva por medio da visualidade poderanse apreciar resonancias cinematográficas. Eu non vou negalas, pois sempre entran dentro dunha posibilidade, pero si quero lembrar que o acusado e harmonioso cromatismo empregado por Valle aínda non fora descoberto polo cine cando el escribira este teatro último, publicado entre 1924 e 1927, por moito que xa daquela houbese proxeccións de películas coloreadas. Polo demáis, ese cromatismo, xunto co claroscuro, xa se pode detectar nas súas primei-

ras peciñas simbolistas; *Tragedia de ensueño* (1903)[1] e *Comedia de ensueño* (1905), datadas ámbalas dúas nos albores do cinema e que estabelecen xa características do teatro de Valle que mantivo ó longo de toda a súa produción. En *Comedia de ensueño*, por exemplo, pódese ler: «Su figura se destaca por oscuro sobre el fondo rojizo donde llamea el fuego del hogar», p. 303; e pouco despois: «Sobre aquel grupo de cabezas cetrinas y furiosas flamea el reflejo sangriento de la hoguera. El Capitán saca de las alforjas un lenzuelo bordado de oro, y al desplegarlo se ve que sirve de mortaja a una mano cercenada. Una mano de mujer con los dedos llenos de anillos y blancura de flor» (p. 304). Efectos de claroscuro e de contraluz pódense apreciar tamén no fragmento seguinte da mesma peza, no que tampouco falta a presencia poderosa do elemento primixenio, o fogo, que se estabelece como foco lumínico principal para enfatizar plasticamente a renuncia metateatral:

> Aún dura el silencio cuando en la boca de la cueva aparece una sombra con sayal penitente y luenga barba. Entra encapuchada y doblándose sobre el bordón. En medio de la cueva se endereza y se arranca las barbas venerables, que arroja en el hogar, donde levantan una llama leve y volandera (p. 306).

¿Pode provir do cinema este segmento de imaxes escrito en 1905? Non me parece probábel. Ó meu entender, o tratamento da luz en Valle ten fontes literarias e plásticas. Profundo coñecedor de ambas tradicións, ímonos referir aquí á segunda, coa que mantén no seu teatro numerosas intermedialidades e que delata, dalgún xeito, o título do libro que recolle as catro peciñas do seu teatro último, e que estamos a tratar: *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*. Lembremos que o termo (polisémico) retablo, narración en imaxes pictóricas ou escultóricas, procede das artes plásticas (e mais do teatro). Valle-Inclán utilízao con frecuencia nas súas obras dramáticas para sinalar composicións iconográficas, xa connotadoras de sentido relixioso, xa con intención paródica ou grotesca. Así, en *La rosa de papel* aparecen, entre outros varios, un «retablo de monigotes» (p. 1120) e un «retablo de huérfanos» (p. 1124). Non faltan tampouco intermedialidades con iconografías das artes plásticas, como a formación de «piedades» *(La cabeza del Bautista, El embrujado)* ou «adoracións», como a que se detecta en *Tragedia de ensueño*, na que se refire dun ancián que «Parece uno de aquellos piadosos pastores que adoraron al Niño Jesús en el Establo de Belén» (p. 223).

Para máis abondamento, por se non fose suficiente, aínda nos podemos remontar máis atrás, ós relatos (escritos entre 1892 e 1894) do libro *Femeninas*, publicado en 1895 (ano, lembremos, da presentación pública en París do invento do cinematógrafo dos irmáns Lumière). O tratamento espacial, por exemplo, en *Rosarito*, datado en 1894, non difire moito nalgún momento do empregado no teatro último. Velaí un parágrafo ben ilustrativo, no que se pode observar o efecto de claroscuro, co xogo contrastado de luces e sombras, tanto naturais como artificiais:

> La cámara está desierta, parece abandonada. Por una ventana abierta, que cae al jardín, alcánzanse a ver en esbozo fantástico masas de árboles que se recortan sobre el cielo negro y estrellado: las brisa nocturna estremece las bujías de un candelabro de plata, que lloran sin consuelo en las doradas arandelas: aquella ventana abierta sobre el jardín misterioso y oculto, tiene algo de evocador y sugestivo (p. 92).

De *Tula Barona* (1893), extraemos o seguinte fragmento, ben indicativo do cromatismo que xa, a esas alturas, facía gala Valle-Inclán na súa narrativa primeira:

[1] Data da súa publicación en libro *(Jardín umbrío)*. Aparecera con anterioridade na revista *Madrid*, s. d., s. n., en 1901.

> Las manos, que conservaba cruzadas, parecían dos palomas blancas, ocultas entre los encajes del regazo azul, en cuya penumbra de nido, el rubí de una sortija lanzaba reflejos sangrientos sobre los dedos pálidos y finos (p. 34).

Non cabe dúbida que o cinema, ó achegarse ó rostro humano, veu enfatizar as olladas significativas, expresivas. A cámara en si é xa como un ollo que encadra, enfoca, percorre os obxectos ou suxeitos en todas direccións, achégase, alónxase; ou sexa, acouta o campo de visión, selecciona o esencial e significativo, ó tempo que nos sitúa espacialmente e nos proporciona atemporalidade. Procura, en todo momento, a expresión e, polo tanto, a comunicación.

Da énfase expresiva da mirada no teatro último de Valle, malia a que se desenvolve en ambientes tenebristas, que podían potenciar o fulgor da ollada, son escasísimos os exemplos que se poden atopar. Tan só se aprecian nunha peza, *La cabeza del Bautista*, da cal proceden os fragmentos seguintes:

> El Jandalo se volvió para mirar al fondo de los billares: Había sentido el magnetismo de los ojos de la mujerona, fosforecidos bajo el junto entrecejo (p. 1178).
>
> Arden los ojos de la bribona (...) Sus ojos turbados, se aprietan, al resplandor del facón que levanta el espectro amarillo de Don Igi (p. 1188).

Non obstante, nas peciñas que conforman o seu teatro primeiro abundan as énfases na ollada. Así, en *Comedia de ensueño* lemos: «Tienen los rostros cetrinos y sus pupilas destellan en el blanco de los ojos con extraña ferocidad» (p. 303); «Sus ojos acechan avarientos» *(ibidem)*; «En los ojos negros y violentos que contemplan el fuego, tiemblan el aureo reflejo de las llamas y de los sueños» (p. 304); «El Capitán levanta la cabeza y fulmina una mirada terrible» *(ibidem)*; «El Capitán pasea sobre ellos su mirada» (p. 306); «Los ojos (del perro) le relucen» *(ibidem)*. Por se non fosen suficientes, aínda se poden poñer outros dous exemplos, esta vez de *Tragedia de ensueño*, nos que a ollada resalta precisamente pola ausencia do sentido da vista: «Lloran hilo a hilo sus ojos ciegos» (p. 222); «La vieja levanta un momento los ojos sin vista» (p. 223).

Pero é nos relatos incluídos en *Femeninas*, contra o que poidera parecer, onde a expresión baseada na mirada acada maior relevo. Referimos tan só unhas citas tomadas de *La condesa de Cela,* escrita en 1893: «Expresión soñadora de sus ojos» (p. 13); «Sus negras y brillantes pupilas de criollo» (p. 15); «En el fondo de las pupilas cargadas de tristeza» (p. 20); «Pupilas inmóviles, casi ciegas, de un verde neutro y sopechoso de mar revuelto» (p. 25); «La mirada que ella le dirigió (...) no fue de odio, sino de amor» (p. 26).

Mais continuemos o percorrido polo *Retablo* na procura de recepción cinematográfica. Non son difíciles de atopar numerosas e variadas formas de xestualidade, algunhas das cales (as esaxeradas e rápidas) chamaron a atención de Zamora Vicente (1986), como xa sinalamos. Quizais a máis sorprendente sexa a que se pode ler nunha acoutación de *La rosa de papel*, e que recorda a Pedro Gailo *(Divinas palabras)* guindándose dende o alto do campanario: «Julepe se tira por la escalera con los brazos en aspa» (p. 1121). Igual que outros moitos acenos e ademáns, que xa cremos innecesario exemplificar, débese máis que nada a unha bonequización esperpentizadora, característica, como é sabido, de grande parte da literatura de Valle, especialmente das farsas e dos esperpentos. O subtítulo da peza devandita («melodrama para marionetas»), polo demais, ven confirmalo.

Sen dúbida, unha lectura a xeito de cámara-ollo permite apreciar técnicas e recursos cinematográficos de toda índole, tales como entradas e saídas de campo, ampla e variada planificación, panorámicas horizontais ou verticais, trávellings, profundidades de campo, fundidos, angulacións, trucaxes e me-



Divinas palabras. Compañía de Teatro Universitario de México.

tamorfoses, imaxe fixa, zoom, cámara lenta, planos subxectivos, etc. Semellante resultado, porén, acádase lendo da mesma maneira os relatos que conforman *Femeninas*, *Epitalamio* ou *Jardín umbrío*. Dedicación especial merecen os primeirísimos planos ou planos detalle, ese máximo achegamento que sorprende (por inútil) na escritura teatral. Neste sentido, foron obxecto de atención, entre outros detalles fisionómicos, o «lunar rizoso del labio» de Miguelín (*Divinas palabras*, p. 566) ou «el rizo de un lunar» (*Las galas del difunto*, p. 957). Das acoutacións de *La rosa de papel*, pola nosa banda, extraemos: «En la lividez de los dedos se aguzan las uñas violadas» (p. 1118). «Gloglotea la nuez del rufo vejete» (p. 1196) aparece en *Sacrilegio*. De primeiras, semella lóxico pensar na súa procedencia do cinema, pero se temos en conta que primeirísimos planos semellantes xa se poden detectar en *Comedia de ensueño* («dos lágrimas le corren por las fieras mejillas», p. 305) ou no relato *Octavia Santino* («los hilillos de plata que asomaban entre sus cabellos castaños», p. 39; «las pupilas dilatadas y vidriosas», p. 47) non temos máis remedio que consideralos máis ben propios da querencia de Valle pola valoración expresiva dos mínimos detalles, da liberdade creativa, sen importarlle para nada as dificultades que poideran presentar, no caso de textos dramáticos, na posta en escena. Coa meirande proximidade ou intimidade, por medio dun efecto lupa ou «estética zoom», como o denomina Juan Antonio Marina, téntase tamén poñer en evidencia o valor e a expresividade literaria e artística das pequenas cousas.

Polo que respecta á multiplicidade espacial no teatro de Valle, que o vincula ó que el mesmo denominou «teatro de escenarios», cómpre reparar nos seus antecedentes no teatro isabelino, no Barroco español ou tamén en Büchner. Os espazos exteriores preséntanse moi abertos nas primeiras obras e algo máis reducidos nas últimas, que ofrecen maior unidade espacial o frecuente tensión dentro-fóra, co obxecto de acentuar a claustrofobia ou de establecer paralelismo de accións, como en *La cabeza del Bautista*:

> «Aplausos y voces la celebran por bien cantada. Luego recae un silencio, y se presiente al grupo de rondadores recaído en el métrico problema de concertar otra copla. Don Igi saca del cajón dos taleguillos con dinero, y los esconde bajo una tabla del piso. pálido, con los pelos como un gato espantado, sale a la puerta del ejido. Se oye el golpe del azadón bajo los nocturnos limoneros»

Por outra parte, o sentido dinámico do espazo é moi evidente na escena do macho cabrío en *Divinas palabras* e nos xogos interior-exterior, xa sinalados, que aparecen tanto en *Tragedia de ensueño* e *Comedia de ensueño* como nas pezas do *Retablo*. Así, por exemplo, en *Comedia de ensueño*, o paso do exterior aberto ós horizontes ó interior onde se desenvolve a acción prodúcese de forma natural e sen cambio de decoración:

> «La vieja éntrase en la cueva, y los hombres descabalgan. Tienen los rostros cetrinos, y sus pupilas destellan en el blanco de los ojos

con extraña ferocidad. Uno de ellos queda al cuidado de los caballos, y los otros, con las alforjas al hombro, penetran en la cueva y se sientan al amor del fuego».

En canto ó emprego do tempo, cabe significar a súa concentración ou reducción e o simultaneísmo que se advirte nas escenas interiores e exteriores de *La cabeza del Bautista* e *Ligazón*, onde o espazo da extra-escena se pon en evidencia por medio de voces, sombras, luces ou accións. A simultaneidade de accións ou a montaxe paralela acada relevancia, por outra parte, en *Divinas palabras*, *Luces de bohemia* e nas *Comedias bárbaras*. Este tratamento temporal ten precedentes, ó meu modo de ver, nos achados científicos de Einstein, filosóficos de Bergson e nas teorías destes estudiosos levadas á práctica, tanto no cubismo como no futurismo.

Verbo da presencia de animais na obra de Valle, cómpre dicir que xa se detecta nos primeiros relatos. En *Rosarito* «Un ratón sale de su escondite y atraviesa la sala con gentil y vivaz trotecillo» ou «El gatazo negro la sigue maullando», p. 91. A súa aparición nos textos dramáticos moitas veces serve como excusa para clasificalos como irrepresentábeis e, polo tanto, concederlles fasquía cinematográfica. Con carácter ambientador, xorden en toda a súa producción, aínda que hai veces como en *Comedia de ensueño* (un can), *Divinas palabras* (un can, porcos), *Cara de plata* (o cabalo), que participan, e de maneira relevante, na trama argumental. A intervención, funcional ou ambientadora, de animais tamén obedece a un afán cada vez máis acentuado de animalización como elemento esperpentizador.

Polo que respecta ás acoutacións, que algúns consideran como indicadoras do carácter cinematográfico do teatro de Valle (Calero, 1982), pódese dicir que os seus aspectos narrativos e literarios constitúen unhas características que, en maior ou menor medida, se achan xa dende *Tragedia de ensueño*. O seu uso débese, na miña opinión, a motivos de carácter artístico, que se inscribe no proceso anovador de elaborar unha estética propia sen coutaduras de ningún xénero, e para potenciar a plasticidade, o sentido da paisaxe, o esperpentismo, etc. Proliferan en todo o seu teatro, agás na primeira peza, *Cenizas*, adaptación do relato *Octavia Santino*. Pero as acoutacións narrativas e literarias xa se incorporan nunha segunda versión, que leva por título *El yermo de las almas*. Na etapa esperpéntica, sen perder as principais cualidades literarias e narrativas, líricas, cromáticas e sonoras, as acoutacións redúcense e condénsanse. As fontes das mesmas xa foron sinaladas por varios estudiosos; proceden do simbolismo, especialmente da obra de Maeterlinck. Así, de *La intrusa* (1890), extraemos:

«Aquí un rayo de luna penetra por un rincón de las vidrieras y esparce aquí y allá fulgores extraños por la estancia. Suenan las doce, y con la última campanada parece que se oiga muy vagamente un ruido como de alguien que se levanta a toda prisa» (1958: 173).

«En ese momento se oye correr a pasos precipitados y sordos en la habitación de la izquierda. En seguida, silencio de muerte. Escuchan con mudo terror hasta que la puerta de la habitación se abre lentamente; la claridad de la estancia vecina se difunde en la sala, y la Hermana de la Caridad aparece en el umbral, con sus vestiduras negras y se inclina, haciendo la señal de la cruz, para anunciar la muerte de la mujer. Comprenden, y después de un momento de indecisión y de espanto, entran en silencio en la estancia mortuoria, mientras que El Tío, en el quicio de la puerta, se aparta cortesmente para dejar pasar a las Tres Hijas» (ib.:173-174).

Semellan, non hai dúbida, uns claros precedentes da forma de acoutar Valle-Inclán, non só polo carácter narrativo e literario, senón tamén polo emprego da luz, o contraste, a obsesión pola morte ou pola luz premonitoria da lúa.

Polo que respecta a diversos elementos da linguaxe cinematográfica que viñemos considerando, en especial os referidos ó encadre, planificación, aproximación, cromatismo, etc.,

considero de interés reproducir un fragmento doutro escritor co que Valle mantén unha considerábel intertextualidade, Gabriele d'Annunzio (1985):

> «Descendió del lecho, descolgó de la pared uno de aquellos espejos rococó con marco dorado jaspeado de manchas verdes; con una orilla de la sábana le quitó el polvo y se miró en él, sonriendo. En su cuello desnudo unas venas azules se mostraban casi en relieve; en su cabeza pequeña y larga había algo de capricho, con la boca fina, el mentón aguzado y los ojos castaños como sus cabellos pero tirando a amarillos. La palidez transparente y la sonrisa daban una gracia nueva, una nueva juventud a sus veintisiete años» (*La virgen Orsola*: p. 23).
>
> «Se dio cuenta de muchas cosas insignificantes a las que antes no había dado ninguna importancia; por ejemplo, un lunar semejante a una lenteja que le manchaba la piel en la sien izquierda y una leve cicatriz que le atravesaba el arco de una ceja» (*ib*.).

E aínda poderíamos retroceder máis atrás, na procura de aspectos da linguaxe cinematográfica xa empregados moito antes pola literatura, pois, tal como ten lembrado Darío Villanueva, xa se poden achar exemplos de primeiros planos suxeridos na obra de Homero.

Por todo o devandito, coido que a recepción productiva do cinematógrafo na obra dramática de Valle debe reconsiderarse. O estendido tópico da «influencia do cine» no teatro do noso autor non resulta suficientemente fundamentado. A intertextualidade literaria está considerabelmente estabelecida e estudada. En menor grado, a intermedialidade coas artes plásticas (Llorens, 1975; Stembert, 1976). Como xa vimos, Valle-Inclán posuía un universo ficcional, xa na súa primeira etapa, rico e sólido, ademais de propio e orixinal, no que están contidos a maior parte dos elementos da linguaxe cinematográfica, moitos deles provenientes de fontes literarias ou plásticas, pero outros incorporados por el á súa estética, estética que foi evolucionando en paralelo ás máis importantes correntes europeas e que culminou coa creación do esperpento; se ben nesta evolución puideron intervir algúns factores procedentes do cinematógrafo, foron, ó meu entender, ben escasos. Dificilmente, malia a fascinación polo cinema, puido tomar recursos expresivos da denominada séptima arte, cando estaban xa incorporados e asumidos no propio mundo ficcional en que se encadran as súas primeiras pezas dramáticas e os seus primeiros relatos. Se a isto unimos as numerosas fontes literarias e artísticas, xa ben coñecidas, non podemos menos que considerar a renovación da súa arte dramática, que acadou cotas sobranceiras no panorama universal, como algo debido á sabedoría artística, literaria e escénica, e máis ó xenio creativo do seu autor, o grande e universal don Ramón de Vilanova de Arousa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

CALERO HERAS, José (1982), «Textura cinematográfica de las acotaciones escénicas del teatro de Valle-Inclán», *Anales de la Universidad de Murcia*, 39, pp. 175-187.

D'ANNUNZIO, Gabriele (1985), *Cuentos del río Pescara,* Madrid, Alianza.

FERNÁNDEZ, Luis Miguel (1995), «Cine y cines en Valle-Inclán. A propósito de *Las galas del difunto*», en Manuel Aznar e Juan Rodríguez (eds), *Valle-Inclán y su obra. Actas del Primer Congreso Internacional sobre Valle-Inclán,* Barcelona, Cop D'idees.

GLACE, Linda S. (1987), «Técnicas y formas cinematográficas en el teatro de Valle-Inclán», en Jhon P Gabriele (ed.), *Genio y virtuosismo en Valle-Inclán,* Madrid, Orígenes.

LLORENS, Eva (1975), *Valle- Inclán y la plástica,* Madrid, Ínsula.

MAETERLINCK, Maurice (1958), *Teatro*, México, Aguilar

OSUNA, Rafael (1982), «Un "guión cinematográfico" de Valle-Inclán: *Luces de bohemia*», *Bulletin of Hispanic Studies*, 59, pp. 120-128.

———(1992), «El cine en el teatro último de Valle-Inclán», en John P. Gabriele (ed), *Suma valleinclaniana*, Barcelona-Santiago de Compostela, Anthropos-Consorcio de Santiago, pp. 497-505. Publicado anteriormente en Cuadernos Americanos, 222, pp. 177-184.


STEMBERT, Rodolphe (1976), «Don Ramón del Valle-Inclán y la pintura», *Cuadernos Hispanoamericanos*, 311, pp. 461-476.

URRUTIA, Jorge (1987), «Sobre el carácter cinematográfico del teatro de Valle-Inclán» (A propósito de *Divinas palabras*), Ínsula, 491, p. 18.

VALLE-INCLÁN, Ramón del (2002), *Obra completa*, volumes I (prosa) e II (teatro, poesía, varia), Madrid, Espasa Calpe. Cito por esta edición.

———(1994), *Entrevistas, conferencias y cartas*, Valencia, Pre-textos. Edición de Joaquín e Javier del Valle-Inclán.

Zamora Vicente, Alonso (1986), «Del teatro al cine», en *Valle-Inclán y su tiempo hoy* («Catálogo xeral de 1986 Cincuentenario»), Madrid, Ministerio de Cultura, p. 45.



MAS ALLÁ DE LA ADAPTACIÓN. PRESENCIA DE VALLE-INCLÁN EN EL CINE ESPAÑOL

José Luis Castro de Paz
(Universidade de Vigo)

«El teatro de Valle-Inclán tampoco pasa bien al cine, todo está en el lenguaje, en la vida retorcida y violenta que le da a las palabras...»

LUIS BUÑUEL

«Como Valle-Inclán, Luis [García Berlanga] sabe tomar los géneros ínfimos y hacer de ellos otra cosa».

FRANCISCO UMBRAL[1]

Dos han tendido a ser las aproximaciones principales de los historiadores y teóricos de la literatura y el cine a la hora de estudiar las relaciones de don Ramón del Valle-Inclán con el cinematógrafo. Mientras por un lado el análisis literario ha sido capaz de aproximarse con indiscutible rigor y cada vez más afinados estiletes metodológicos a las indudables vinculaciones del esperpento valleinclanesco con ciertas «formas» y dispositivos cinematográficos, apoyándose «documentalmente» en algunas conocidas declaraciones del escritor[2] y a partir de las felices relaciones atisbadas, entre otros, por Antonio Risco en su obra *La estética de Valle-inclán en los esperpentos* y en *El Ruedo Ibérico*[3] o por Alonso Zamora Vicente en sus estudios de *Luces de bohemia*,[4] y en las que desde entonces y hasta hoy —como bien puede observarse en este mismas Jornadas— no ha dejado de profundizarse,[5] por otro la

1 Buñuel, Luis, (transcripción de José de la Colina), «Agon, o el canto del cisne de Luis Buñuel», *Contracampo nº 1* (abril, 1979), pág. 7; Umbral, Francisco, «Prologo», en Hernández Les, Juan y Hidalgo, Manuel, *El último austro-húngaro. Conversaciones con Berlanga*. Madrid, Anagrama, 1981, pág. 13.

2 «Don Ramón María del Valle-Inclán y el cine», *El Cine,* año XI, nº 512 (4 de febrero, 1922), pág. 4, reproducido parcialmente en «Valle-Inclán y su opinión sobre el cine», *El Bufón nº 1* (1924), pág. 2; Declaraciones de Valle-Inclán a *Luz* (1933).

3 Madrid, Gredos, 1966, págs. 116-118.

4 Zamora Vicente, Alonso, *La realidad esperpéntica* (*Aproximación a «Luces de bohemia»*), Madrid, Gredos, 1969, págs. 156-163. Véase, también, Zamora Vicente, A., «Introducción», en Vallé Inclán, Ramón de, *Luces de bohemia* (edición de A. Zamora Vicente), Madrid, Espasa-Calpe, 1987, págs. 9-30. También hacen tempranas aunque breves referencias a los elementos «cinematográficos» de la obra de Valle-Inclán los trabajos de Esteve, Patricio, *Introducción al esperpento en Valle-Inclán. Homenaje*, Universidad de La Plata, 1967, pág. 288 o Speratti-Piñeiro, Emma Susana, *De «Sonata de otoño» al esperpento*, Londres, Tamesis, pág. 153.

5 Cfr., entre otros y en especial, Osuna, Rafael, «El cine en el teatro último de Valle-inclán», *Cuadernos americanos* nº 223 (1979), págs. 177-184; Osuna, R. «La figura humana en *Las galas del difunto* de Valle-Inclán, Journal of Spanish Studies: Twentieth Century, 8, nº 1-2 (1980), págs, 103-116; Osuna, R., «Un "guión cinematográfico de Valle-Inclán": *Luces de Bohemia*», *Bulletin of Hispanic Studies* nº 59 (1982), págs. 120-128; Morris, C.Brian, *La acogedora oscuridad. El Cine y los Escritores Españoles* (1920-1936), Córdoba, Filmoteca de Andalucia, 1993 (1980, original en inglés), págs. 53-57; Glaze, Linda S., «Técnicas y formas cinematográficas en el teatro de Valle-Inclán», en Gabrielle,

crítica comparatista ha tendido a empantanarse una vez más en la cansinos y exhaustivos inventarios de situaciones mantenidas o suprimidas, transformadas, alargadas o resumidas, sin penetrar casi nunca en los tejidos formales, en la materia misma, de los films resultantes.[6]

Aunque ninguna de las tendencias citadas ha de ocuparme —por escaparse de mi ámbito de trabajo la primera, por parecerme esencialmente estéril la segunda— no quiero dejar de señalar, como significativos ejemplos y a vuela pluma, algunos aspectos referidos a ambas.

No falta razón a los estudiosos de Valle-Inclán cuando señalan, por ejemplo y entre otros que podrían ponerse, el indiscutible vínculo de la precisión o el impacto visual de sus acotaciones o apostillas escénicas con «la prosa de guión cinematográfico».[7] Sus referencias a la mímica de los personajes, los objetos (o animales) aislados o en grupos, los «planos-detalle» de rostros y facciones grotescas, de luces y sombras que presenta en forma de auténtico montaje, los cambios de tiempo verbal que parecen sugerir —como Fernández Roca supo ver—[8] un alejamiento en el espacio o, incluso, las referencias específicas al cine, han sido en ocasiones brillantemente analizados y convierten a Valle-Inclán en adelantado de una influencia que se extenderá durante los años veinte y treinta en ciertas obras de teatro españolas. En ese periodo, como ha señalado C. Brian Morris, «cualquier influencia dejada por las películas (...) debe buscarse en los efectos escénicos, en la imitación de técnicas y ángulos cinematográficos, en las reminiscencias de películas y actores concretos y en el vestuario y los amaneramientos de los personajes...».[9] Pero si en la plasticidad y dinamismo de tales recursos ha podido apreciarse, por ejemplo y no sin razón, «la vertiente de mayor modernidad de *Luces de bohemia*»[10] y permite caracterizar al autor como«el miembro más cinematográfico de su generación»,[11] las adaptaciones de sus obras, por mucho que —como señala Linda S. Glaze— el cine parezca ser «el medio más adecuado para presentar toda la gama de la visión artística de Valle-Inclán»,[12] no pueden limitarse a tratar de convertir en materia fílmica tales recursos, básicamente porque la movilidad de la cámara y el montaje, y los juegos y contrastes de luces y sombras son dispositivos de puesta en escena «plenamente» fílmicos y su simple presencia —no su más o menos densa y significante «puesta en forma», que habrá que analizar film a film— no asegura, sin mediar un verdadero «trabajo de cineasta», más que la académica y ramplona ilustración de lo escrito (que ha

———

John P. (ed.), *Genio y virtuosismo de Valle-Inclán*, Madrid, Orígenes, 1987, págs. 33-40; Fernández Roca, José Angel, «Las acotaciones del esperpento: de lo verbal a lo visual», en Gómez Blanco, Carlos J., *Literatura y cine. Perspectivas semióticas*, A Coruña, Universidade da Coruña, 1997, págs. 201-211.

6 Puede consultarse, como paradigmático ejemplo, Lara, Fernando, «Valle-Inclán en el cine español», en VV.AA, *Valle-Inclán y el cine*, Madrid, Ministerio de Cultura (Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música), 1986, págs. 12-22. Las películas españolas basadas en obras del escritor gallego son, hasta la fecha, *Sonatas* (Juan Antonio Bardem, 1959), *Flor de santidad* (Adolfo Marsillach, 1972), Beatriz (Gonzalo Suarez, 1976), *Luces de Bohemia* (Miguel Angel Díez, 1985), *Divinas palabras* (José Luis García Sánchez, 1987) y *Tirano Banderas* (José Luis García Sánchez, 1993).

7 Zamora Vicente, A., «Introducción», págs. 29-30.

8 Fernández Roca, José Angel, *Op. Cit.*, pág. 204-205.

9 C. Brian Morris, *Op. Cit.*, pág. 54.

10 Zamora Vicente, A., «Introducción», pág. 29. Aunque sin olvidar, como bien ha señalado recientemente Cesar Oliva, que «no es posible seguir diciendo que Valle-Inclán es el más avanzado dramaturgo del siglo XX, o el autor que hizo las propuestas más atrevidas de ese periodo, sin añadir que lo fue lejos de la intención de producir para la escena, en el sentido practico que se suele entender» (Oliva, C., «El teatro de Valle-Inclán hoy», *Cuadrante* nº 6 [Xaneiro, 2003], págs. 79-88. La cita, pág. 80.

11 Utrera, Rafael, *Modernismo y 98 frente a cinematógrafo,* Sevilla, Universidad de Sevilla, 1981, págs. 156-177.

12 Glaze, L.S., *Op. Cit.*, pág. 40.

perdido en el camino, además, cualquier atisbo de «modernidad»).[13]

Tal es lo que ocurre, sin ir más lejos, con la versión de *Luces de bohemia* realizada por Miguel Ángel Díez en 1985. A partir de un guión de Mario Camus —director a su vez de la «modélica» e inaugural *La colmena* (1982) y de las prácticamente contemporáneas *Los santos inocentes* (1984) o *La casa de Bernarda Alba* (1985)—, Díez se convertía en uno más —y no de los mejores— de esos «fieles sirvientes»[14] que, al amparo de la política cinematográfica del PSOE y de su empeño en «asear y dignificar» el cine español, propagarían como mal cancerígeno esas cuidadas adaptaciones de insignes obras de la literatura española («texto literario de partida de pedigrí indiscutible, nomina inacabable de actores de prestigio pertenecientes a varias generaciones de nuestro cine, aseada reconstrucción de época, mirada retro sobre tiempos que si fueron malos al menos fueron nuestros...»).[15] En definitiva —y es ese el «quid» de una cuestión que no debería pasarse por alto a la hora de la consabida comparación obra literaria-texto fílmico[16]— Valle-Inclán, García Lorca, Cela o Delibes no eran más que «idóneo» material de partida con el que elaborar productos tan similares entre si, premiables y correctos como, en su mayoría, fílmicamente inoperantes. Abandonemos pues ese marco de análisis y propongamos otros, a nuestro entender, de mayor enjundia.

